

2. En todo caso, o canon de uso ou taxa que fixe o ministro de Defensa para as vivendas militares aplicaráselles de forma progresiva durante un prazo de tres anos, a partir do seguinte ó da entrada en vigor desta lei, ás vivendas referidas na alínea anterior.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O artigo 78 da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) O Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, polo que se crea o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, se suprimen o Padroado de Casas Militares do Exército de Terra, o Padroado de Casas da Armada e o Padroado de Casas do Exército do Aire e se dictan normas en materia de vivendas militares.

c) O Real decreto 219/1997, do 14 de febreiro, polo que se modifica parcialmente o Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, polo que se creou o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas e se dictaron normas en materia de vivendas militares.

2. Non obstante o establecido na alínea anterior, mentres non entren en vigor as disposicións que desenvolven a presente lei, manterán a súa vixencia os preceptos das disposicións que a seguir se describen:

a) Do Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, os artigos 2; 7; 8; 9; 10; 11, letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), j), k), l), m) e ñ); 12; 13; 15; 23; 26; 30; 31; 37; 38; 39, letra c); 41; 42; 43, e disposición adicional décima.

b) Do Real decreto 219/1997, do 14 de febreiro, o artigo único, números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8 e 9, disposición adicional cuarta e disposición adicional quinta.

3. Tódalas referencias contidas nos preceptos que quedan vixentes do Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, e do Real decreto 219/1997, do 14 de febreiro, ás vivendas militares de apoio loxístico, deberán entenderse feitas ás vivendas militares que se regulan nesta lei.

4. Así mesmo, quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición final primeira. *Desenvolvemento da lei.*

Autorízase o Consello de Ministros e o ministro de Defensa para que, no ámbito das súas respectivas competencias, dicten as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei.

Disposición final segunda. *Modificacións orzamentarias.*

O ministro de Economía e Facenda efectuará as modificacións orzamentarias precisas para dar cumprimento ás previsións desta lei.

Disposición final terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de xullo de 1999.

JUAN CARLOS R.

15681 LEI 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas. («BOE» 170, do 17-7-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As sociedades cooperativas, como verdadeiras institucións socioeconómicas, débennles facer fronte ás constantes transformacións que, de forma progresiva, se producen no mundo actual. Os cambios tecnolóxicos, económicos e na organización de traballo que dan especial protagonismo ás pequenas e medianas empresas, xunto á aparición dos novos «xacigos de emprego», ábrenlles ás cooperativas amplas expectativas para a súa expansión, pero, á vez, esixen que a súa formulación xurídica encontre sólidos soportes para a súa consolidación como empresa.

Para as sociedades cooperativas, nun mundo cada vez máis competitivo e rigoroso nas regras do mercado, a competitividade converteuse nun valor consubstancial á súa natureza cooperativa, pois en van poderían manter os seus valores sociais se fallasen a eficacia e rendibilidade propias do seu carácter empresarial.

O mandato da Constitución española, que no punto 2 do seu artigo 129 lles ordena ós poderes públicos o fomento, mediante unha lexislación adecuada, das sociedades cooperativas, motiva que o lexislador considere a necesidade de ofrecer unha canle adecuada que canalice as iniciativas colectivas dos cidadáns que desenvolven actividades xeradoras de riqueza e emprego estable. O fomento do cooperativismo como fórmula que facilita a integración económica e laboral dos españois no mercado fai perfectamente compatibles os requisitos de rendibilidade e competitividade propios das economías máis desenvolvidas cos valores que dan forma ás cooperativas desde hai máis de cento cincuenta anos. Os elementos propios dunha sociedade de persoas, como son as cooperativas, poden vivir en harmonía coas esixencias do mercado; doutra forma o mundo cooperativo encontraríase nunha situación de divorcio entre a realidade e o dereito. Obxectivo da nova lei é, precisamente, que os valores que encarna a figura histórica do cooperativismo, resposta da sociedade civil ós constantes e innovadores condicionamentos económicos, sexan compatibles e garden un adecuado equilibrio co fin último do conxunto de socios, que é a rendibilidade económica e o éxito do seu proxecto empresarial.

Os valores éticos que dan vida ós principios cooperativos formulados pola alianza cooperativa internacional, especialmente nos que encarnan a solidariedade, a democracia, igualdade e vocación social teñen cabida na nova lei, que os consagra como elementos indispensables para construír unha empresa viable coa que os socios se identifican ó apreciaren nela a realización dun proxecto que garante o seu emprego e vida profesional.

Era necesaria unha lei de cooperativas que, reforzando os principios básicos do espírito do cooperativismo, fose un útil instrumento xurídico para lles facer fronte ós grandes desafíos económicos e empresariais que representa a entrada na Unión Monetaria Europea.

As novas demandas sociais de solidariedade e as novas actividades xeradoras de emprego son atendidas pola lei, ofrecendo o autoemprego colectivo como fórmula para a inserción social, a atención a colectivos espe-

cialmente con dificultades de inserción laboral e a participación pública neste sector.

A nova lei é tamén o resultado da necesidade de aplicar en beneficio do sector cooperativo unha serie de cambios legislativos que se produciron tanto no ámbito nacional coma no comunitario.

Desde 1989, boa parte do dereito de sociedades foi modificado, para adaptalo ás directivas europeas sobre a materia. Con iso, introducíronse algunhas novidosas regulacións que parece moi conveniente incorporar tamén á lexislación cooperativa, como as que afectan, entre outras, á publicidade societaria, ó depósito de contas anuais, ás transformacións e fusións, ás competencias dos órganos de administración e ós dereitos e obrigas dos socios.

Respecto á lexislación nacional, a nova lei ten en conta a achega que supuxo a Lei xeral de cooperativas 3/1987, do 2 de abril, que adaptou ás esixencias do Estado das autonomías o réxime xurídico das sociedades cooperativas e das posibilidades de asociación destas. Asumiren as comunidades autónomas a competencia exclusiva nesta materia significa, na práctica, que o ámbito de aplicación da nova lei foi amplamente reformulado, polo que fai necesaria unha definición del. Así se estableceu no artigo 2, seguindo a doutrina do Tribunal Constitucional. O alcance do ámbito de aplicación da nova lei é, por conseguinte, estatal, ó que se acollerán as sociedades cooperativas que desenvolvan a súa actividade neste ámbito.

En aspectos máis xerais, a lei recolle as modificacións habidas nos procedementos xurisdiccionais de garantía e impugnación, ou as innovacións máis acreditadas noutros ámbitos xurídicos: auditoría e réxime laboral. Pola súa parte, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, orienta o procedemento administrativo común a unha modernización da actuación administrativa con base na eficacia e a transparencia, principios inspiradores estes que deben ser expresamente acollidos na nova normativa cooperativa, en relación coa materia rexistral e na actuación da Administración no fomento e seguimento das entidades cooperativas.

A lei ofrece un marco de flexibilidade, onde as propias cooperativas poidan entrar a autorregularse, e establece os principios que, con carácter xeral, deben ser aplicados na súa actuación, fuxindo do carácter regulamentista que en moitos aspectos dificulta a actividade societaria.

Un obxectivo prioritario é reforza-la consolidación empresarial da cooperativa, para o que foi preciso flexibiliza-lo seu réxime económico e societario e acoller novidades en materia de financiamento empresarial. Así, o reforzamento do órgano de goberno e administración ou a habilitación de acceso a novas modalidades de captación de recursos permanentes mediante a emisión de participacións especiais, ou de títulos participativos.

Dentro destas perspectivas, a lei estrutúrase en tres títulos con cento vinte artigos, trece disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, tres disposicións derogatorias e seis disposicións derradeiras.

I. O título I define o concepto de sociedade cooperativa e as súas clases, reducindo o seu número ó unifica-las cooperativas de ensino e mailas educacionais, regulando a súa constitución. Créanse as seccións, que permiten desenvolver actividades económicas e sociais específicas dentro do seu ámbito.

O número de socios para constituír unha cooperativa redúcese a tres, o que facilitará a creación deste tipo de sociedades. Coa mesma finalidade establécese que a constitución da sociedade cooperativa se fará por comparecencia simultánea de tódolos socios promotores ante o notario, ó ser unha sociedade de persoas, e suprímese a asemblea constituínte, o que supón unha axi-

lización do procedemento. Así mesmo, flexibilizouse a regulación dos órganos sociais, permitindo que os estatutos fixen os criterios do seu funcionamento e facúltase ós estatutos a posibilidade de crearen a figura do administrador único nas cooperativas de menos de dez socios.

Mantéñen os supostos e condicións en que poden operar con terceiros, ampliando os límites destas operacións.

Desenvolve o concepto de socio colaborador, que substitúe ó denominado «asociado» na anterior lei, ampliando as súas posibilidades de participación.

Recolle a posibilidade de establecer vínculos sociais de duración determinada.

En canto ó dereito de voto pártese do principio de que cada socio terá un voto, se ben se permite que os estatutos consideren a posibilidade de estableceren o voto plural ponderado para as cooperativas agrarias, de explotación comunitaria da terra, de servicios, do mar e de transportistas, e para o resto, unicamente para os socios que sexan cooperativas, sociedades controladas por estas ou entidades públicas, se ben se establece a limitación de non poder supera-los cinco votos sociais.

A complexidade que en ocasións pode presenta-la xestión económica das cooperativas, desde un punto de vista «técnico-contable», aconsellou eximi-los interventores da obriga da censura das contas anuais da cooperativa se estas están obrigadas a someterse a auditoría, sempre que así o establezan os estatutos.

A posibilidade de aboar xuros polas achegas ó capital social condiciónase á existencia de resultados positivos.

Modifícase o réxime de actualización de achegas ó capital social.

Establécese unha nova regulación do dereito de reintegro ás achegas sociais que supón unha maior tutela do socio e reforza o principio cooperativo de porta aberta. Con esta finalidade elimínanse as deducións sobre o reintegro das achegas obrigatorias ó capital social que podían practicarse ó socio que causaba baixa na cooperativa cando esta era cualificada como baixa voluntaria non xustificada ou expulsión, mantendo unicamente esa posibilidade para o suposto de baixa non xustificada por incumprimento do período de permanencia mínimo que o socio asumira no momento de entrar na cooperativa.

A captación de recursos financeiros facilítase mediante a emisión de participacións especiais, con prazo de vencemento de alomenos cinco anos, que poderán ser libremente transmisibles.

Tamén se prevé a posibilidade de emitir títulos participativos, con remuneración en función dos resultados da cooperativa.

Foméntase a participación da cooperativa nas distintas fases do proceso productivo, ó considerar como resultados cooperativos os que teñen a súa orixe en participacións en empresas que realicen actividades preparatorias ou complementarias ás da propia cooperativa.

A dificultade e o custo de xestión que supón en determinadas ocasións contabilizar separadamente os resultados cooperativos dos extracooperativos aconsellou faculta-la cooperativa para que opte nos estatutos pola non-diferenciación.

A disciplina contable, a publicidade e a transparencia deste tipo de sociedades queda reforzada, en liña coa última reforma mercantil, ó esixi-lo depósito das contas anuais no Rexistro de Sociedades Cooperativas.

Son de especial interese as formas de colaboración económica entre cooperativas, procurando a súa ampliación e facilitando a integración.

Créase a figura da «fusión especial», que consiste na posibilidade de fusionar unha sociedade cooperativa con calquera tipo de sociedade civil ou mercantil. No mesmo capítulo regúlase a figura da «transformación» dunha sociedade cooperativa noutra sociedade civil ou

mercantil, sen que sexa necesaria a súa disolución e a creación dunha nova.

A posibilidade de transformación dunha cooperativa de segundo grao nunha de primeiro, que absorbe tanto as cooperativas que a integran coma os seus socios, permite unha auténtica integración cooperativa.

Recóllense novas actividades dentro das diferentes clases de cooperativas como as da iniciativa social e integrais, en función da súa finalidade de integración social e actividade cooperativizada dobre e plural.

As especiais características das sociedades cooperativas fixeron necesaria a regulación do grupo cooperativo, coa finalidade de impulsa-la integración empresarial deste tipo de sociedades, ante o reto de ter que operar en mercados cada vez máis globalizados.

Así mesmo, créase unha nova figura societaria denominada cooperativa mixta, na regularización da cal coexisten elementos propios da sociedade cooperativa e da sociedade mercantil.

Especial importancia ten para as cooperativas de vivendas que desenvolven máis dunha promoción ou fase o tratamento dado ó patrimonio independente de cada unha delas, que permite limita-la responsabilidade dos socios sobre as débedas das restantes.

II. No título II, da acción da Administración xeral do Estado, recoñécese como tarefa de interese xeral a promoción, estímulo e desenvolvemento das sociedades cooperativas e recóllense os principios xerais que deben presidi-la organización do Rexistro de Sociedades Cooperativas, deixando o desenvolvemento regulamentario para unha posterior regulación.

As competencias de inspección e sancionadoras continúan correspondendo ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

III. No título III, mantén as formas de asociación das sociedades cooperativas facilitando a creación destas agrupacións, para os efectos de incentiva-lo movemento cooperativo no ámbito estatal.

IV. Nas disposicións adicionais cómpre destaca-la creación do Consello para o Fomento da Economía Social como órgano asesor e consultivo da Administración xeral do Estado para as actividades deste relacionadas coa economía social. Actuará, así mesmo, como un órgano de colaboración e coordinación do movemento cooperativo e as administracións públicas.

TÍTULO I

Da sociedade cooperativa

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Concepto e denominación.*

1. A cooperativa é unha sociedade constituída por persoas que se asocian, en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria, para a realización de actividades empresariais, encamiñadas a satisfacer-las súas necesidades e aspiracións económicas e sociais, con estrutura e funcionamento democrático, conforme cos principios formulados pola alianza cooperativa internacional, nos termos resultantes da presente lei.

2. Calquera actividade económica lícita poderá ser organizada e desenvolvida mediante unha sociedade constituída ó amparo da presente lei.

3. A denominación da sociedade incluírá necesariamente as palabras «sociedade cooperativa» ou a súa abreviatura «s. coop.». Esta denominación será exclusiva,

e regulamentariamente poderán establecerse os seus requisitos.

4. As sociedades cooperativas poderán revestir-la forma de cooperativa de primeiro e segundo grao, de acordo coas especificidades previstas nesta lei.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

A presente lei será de aplicación:

A) Ás sociedades cooperativas que desenvolvan a súa actividade cooperativizada no territorio de varias comunidades autónomas, excepto cando nunha delas se desenvolva con carácter principal.

B) As sociedades cooperativas que realicen principalmente a súa actividade cooperativizada nas cidades de Ceuta e Melilla.

Artigo 3. *Domicilio.*

A sociedade cooperativa fixará o seu domicilio social dentro do territorio español, no lugar onde realice principalmente a súa actividade ou centralice a súa xestión administrativa e dirección.

Artigo 4. *Operacións con terceiros.*

1. As sociedades cooperativas poderán realizar actividades e servizos cooperativizados con terceiros non socios só cando o prevexan os estatutos, nas condicións e coas limitacións que establece a presente lei, así como outras leis de carácter sectorial que lles sexan de aplicación.

2. Non obstante, toda sociedade cooperativa, calquera que sexa a súa clase, cando, por circunstancias excepcionais non imputables a ela, o feito de operar exclusivamente cos seus socios e, se é o caso, con terceiros dentro dos límites establecidos por esta lei en atención á clase de cooperativa de que se trate, supoña unha diminución de actividade que poña en perigo a súa viabilidade económica, poderá ser autorizada, logo de o solicitar, para realizar, ou, de se-lo caso, ampliar actividades e servizos con terceiros, polo prazo e ata a contía que fixe a autorización en función das circunstancias que concorran.

A solicitude será resolta polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e cando se trate de cooperativas de crédito e de seguros, a autorización corresponderá ó Ministerio de Economía e Facenda.

Artigo 5. *Seccións.*

1. Os estatutos da cooperativa poderán prever e regula-la constitución e funcionamento de seccións que desenvolvan, dentro do obxecto social, actividades económico-específicas con autonomía de xestión, patrimonio separado e contas de explotación diferenciadas, sen prexuízo da contabilidade xeral da cooperativa. A representación e xestión da sección corresponderá, en todo caso, ó consello rector da cooperativa.

2. Do cumprimento das obrigas derivadas da actividade da sección responden, en primeiro lugar, as achegas feitas ou prometidas e as garantías presentadas polos socios integrados na sección, sen prexuízo da responsabilidade patrimonial universal da cooperativa.

Salvo disposición estatutaria en contra, a distribución de excedentes será diferenciada.

3. A asemblea xeral da cooperativa poderá acorda-la suspensión dos acordos da asemblea de socios dunha sección que considere contrarios á lei, ós estatutos ou ó interese xeral da cooperativa.

4. As cooperativas de calquera clase, excepto as de crédito, poderán ter, se os seus estatutos o prevén, unha sección de crédito, sen personalidade xurídica independente da cooperativa da que forma parte, limitando as súas operacións activas e pasivas á propia cooperativa e ós seus socios, sen prexuízo de poder rendibilizar os seus excesos de tesourería a través de entidades financeiras. O volume das operacións activas da sección de crédito en ningún caso poderá supera-lo cincuenta por cento dos recursos propios da cooperativa.

5. As cooperativas que dispoñan dalgunha sección estarán obrigadas a audita-las súas contas anuais.

Artigo 6. *Clases de cooperativas.*

As sociedades cooperativas de primeiro grao poderanse clasificar da seguinte forma:

Cooperativas de traballo asociado.
 Cooperativas de consumidores e usuarios.
 Cooperativas de vivendas.
 Cooperativas agrarias.
 Cooperativas de explotación comunitaria da terra.
 Cooperativas de servizos.
 Cooperativas do mar.
 Cooperativas de transportistas.
 Cooperativas de seguros.
 Cooperativas sanitarias.
 Cooperativas de ensino.
 Cooperativas de crédito.

CAPÍTULO II

Da constitución da sociedade cooperativa

Artigo 7. *Constitución e inscrición.*

A sociedade cooperativa constituirase mediante escritura pública, que deberá ser inscrita no Rexistro de Sociedades Cooperativas previsto nesta lei. Coa inscrición adquirirá personalidade xurídica.

Artigo 8. *Número mínimo de socios.*

Salvo naqueles supostos en que por esta ou outra lei se establezan outros mínimos, as cooperativas de primeiro grao deberán estar integradas, alomenos, por tres socios.

As cooperativas de segundo grao deberán estar constituídas por, alomenos, dúas cooperativas.

Artigo 9. *Sociedade cooperativa en constitución.*

1. Dos actos e contratos subscritos en nome da proxectada cooperativa antes da súa inscrición responderán solidariamente aqueles que os subscribisen.

As consecuencias daqueles serán asumidas pola cooperativa despois da súa inscrición, así como os gastos ocasionados para obtela, se fosen necesarios para a súa constitución, se aceptasen expresamente no prazo de tres meses desde a inscrición ou se fosen realizados, dentro das súas facultades, polas persoas designadas con tal fin por tódolos promotores. Nestes supostos cesará a responsabilidade solidaria a que se refire o parágrafo anterior, sempre que o patrimonio social sexa suficiente para lles facer fronte.

2. En tanto non se produza a inscrición rexistral, a proxectada sociedade deberá engadir á súa denominación as palabras «en constitución».

Artigo 10. *Escritura de constitución.*

1. A escritura pública de constitución da sociedade será outorgada por tódolos promotores e nela expresarase:

- a) A identidade dos outorgantes.
- b) Manifestación destes de que reúnen os requisitos necesarios para seren socios.
- c) A vontade de constituír unha sociedade cooperativa e a clase de que se trate.
- d) Acreditación polos outorgantes de teren subscrito a achega obrigatoria mínima ó capital social para ser socio e de a teren desembolsado, alomenos, na proporción esixida estatutariamente.
- e) De as haber, valor asignado ás achegas non diñeirarias, facendo consta-los seus datos rexistrados, de existiren, con detalle das realizadas polos distintos promotores.
- f) Acreditación dos outorgantes de que o importe total das achegas desembolsadas non é inferior ó do capital social mínimo establecido estatutariamente.
- g) Identificación das persoas que, unha vez inscrita a sociedade, han de ocupa-los distintos cargos do primeiro consello rector, ou de interventor ou interventores, e declaración de que non están incurso en causa de incapacidade ou prohibición de ningún tipo para desempeñalos establecida nesta ou outra lei.
- h) Declaración de que non existe outra entidade con idéntica denominación, para o cal se lle presentará ó notario a oportuna certificación acreditativa expedida polo Rexistro de Sociedades Cooperativas.
- i) Os estatutos.

Na escritura poderanse incluír tódolos pactos e condicións que os promotores xulguen conveniente establecer, sempre que non se opoñan ás leis nin contradigan os principios configuradores da sociedade cooperativa.

2. As persoas que fosen designadas para o efecto na escritura de constitución, deberán solicitar, no prazo dun mes desde o seu outorgamento, a inscrición da sociedade no Rexistro de Sociedades Cooperativas. Se a solicitude se produce transcorridos seis meses, será preciso achega-la ratificación da escritura de constitución, tamén en documento público, cunha data que non poderá ser anterior a un mes da devandita solicitude.

Transcorridos doce meses desde o outorgamento da escritura de constitución sen que se inscribise a sociedade, o Rexistro poderá denega-la inscrición con carácter definitivo.

Artigo 11. *Contido dos estatutos.*

1. Nos estatutos farase constar, cando menos:
 - a) A denominación da sociedade.
 - b) O obxecto social.
 - c) O domicilio.
 - d) O ámbito territorial de actuación.
 - e) A duración da sociedade.
 - f) O capital social mínimo.
 - g) A achega obrigatoria mínima ó capital social para ser socio, a forma e os prazos de desembolso e os criterios para fixa-la achega obrigatoria que terán que efectua-los novos socios que se incorporen á cooperativa.
 - h) A forma de acredita-las achegas ó capital social.
 - i) Devengo ou non de xuros polas achegas obrigatorias ó capital social.
 - j) As clases de socios, requisitos para a súa admisión e baixa voluntaria ou obrigatoria e réxime aplicable.
 - k) Dereitos e deberes dos socios.
 - l) Dereito de reembolso das achegas dos socios, así como o réxime de transmisión delas.
 - m) Normas de disciplina social, tipificación das faltas e sancións, procedemento sancionador, e perda da condición de socio.

n) Composición do consello rector, número de conselleiros e período de duración no respectivo cargo. Así mesmo, determinación do número e período de actuación dos interventores e, de se-lo caso, dos membros do comité de recursos.

Incluíranse tamén as esixencias impostas por esta lei para a clase de cooperativas de que se trate.

2. Os promotores poderán solicitar do Rexistro de Sociedades Cooperativas a cualificación previa do proxecto de estatutos.

3. Calquera modificación dos estatutos farase constar en escritura pública, que se inscribirá no Rexistro de Sociedades Cooperativas.

Cando a modificación consista no cambio de clase da cooperativa, os socios que non votasen a favor do acordo terán dereito a separarse da sociedade, considerándose a súa baixa como xustificada. Este dereito poderá exercitarse ata que transcorra un mes contado desde a inscrición do acordo no Rexistro de Cooperativas.

4. Os estatutos poderán ser desenvolvidos mediante un regulamento de réxime interno.

CAPÍTULO III

Dos socios

Artigo 12. *Persoas que poden ser socios.*

1. Nas cooperativas poden ser socios, en función da actividade cooperativizada, tanto as persoas físicas como xurídicas, públicas ou privadas e as comunidades de bens.

2. Os estatutos establecerán os requisitos necesarios para a adquisición da condición de socio, de acordo co establecido na presente lei.

Artigo 13. *Admisión de novos socios.*

1. A solicitude para a adquisición da condición de socio formularase por escrito ó consello rector, que deberá resolver e comunica-la súa decisión no prazo non superior a tres meses, contado desde o recibo daquela, e dando publicidade do acordo na forma que estatutariamente se estableza. O acordo do consello rector será motivado. Transcorrido o prazo sen se adopta-la decisión, entenderase estimada.

2. Denegada a admisión, o solicitante poderá interpor recurso, no prazo de vinte días, computados desde a data de notificación do acordo do consello rector, ante o comité de recursos ou, no seu defecto, ante a asemblea xeral. O comité de recursos resolverá nun prazo máximo de dous meses, contados desde a presentación da impugnación, e a asemblea xeral, na primeira reunión que se celebre; en ámbolos supostos será preceptiva a audiencia do interesado.

A adquisición da condición de socio quedará en suspenso ata que transcorra o prazo para interpor recurso contra a admisión ou, se esta foi obxecto de recurso, ata que resolva o comité de recursos ou, se é o caso, a asemblea xeral.

3. O acordo de admisión poderá ser impugnado polo número de socios e na forma que estatutariamente se determine, sendo preceptiva a audiencia do interesado.

4. Nas sociedades cooperativas de primeiro grao que non sexan de traballo asociado ou de explotación comunitaria da terra e nas de segundo grao, os estatutos poderán preve-la admisión de socios de traballo, persoas físicas, para os que a actividade cooperativizada consistirá na prestación do seu traballo persoal na cooperativa.

Serán de aplicación ós socios de traballo as normas establecidas nesta lei para os socios traballadores das

cooperativas de traballo asociado, coas particularidades establecidas neste artigo.

Os estatutos das cooperativas que prevexan a admisión de socios de traballo deberán fixa-los criterios que aseguren a equitativa e ponderada participación destes socios nas obrigas e dereitos de natureza social e económica.

En todo caso, as perdas determinadas en función da actividade cooperativizada de prestación de traballo, desenvolvida polos socios de traballo, imputaranse ó fondo de reserva e, no seu defecto, ós socios usuarios, na contía necesaria para garantirlles ós socios de traballo unha compensación mínima igual ó setenta por cento das retribucións satisfeitas na zona por igual traballo e, en todo caso, non inferior ó importe do salario mínimo interprofesional.

Se os estatutos prevén un período de proba para os socios de traballo, este non procederá se o novo socio leva alomenos na cooperativa como traballador por conta allea o tempo que corresponde ó período de proba.

5. Para adquiri-la condición de socio será necesario subscribi-la achega obrigatoria ó capital social que lle corresponda, efectua-lo seu desembolso e aboar, se é o caso, a cota de ingreso de acordo co establecido nos artigos 46 e 52 desta lei.

6. Se o prevén os estatutos e se acorda no momento da admisión, poderán establecerse vínculos sociais de duración determinada, sempre que o conxunto destes socios non sexa superior á quinta parte dos socios de carácter indefinido da clase de que se trate.

A achega obrigatoria ó capital social esixible a este tipo de socios non poderá supera-lo dez por cento da esixida ós socios de carácter indefinido e seralle reintegrada no momento no que cause baixa, unha vez transcorrido o período de vinculación.

Artigo 14. *Socios colaboradores.*

Os estatutos poderán preve-la existencia de socios colaboradores na cooperativa, persoas físicas ou xurídicas, que, sen poderen desenvolver ou participar na actividade cooperativizada propia do obxecto social da cooperativa, poden contribuír á súa consecución.

Os socios colaboradores deberán desembolsa-la achega económica que determine a asemblea xeral, a cal fixará os criterios de ponderada participación deles nos dereitos e obrigas socioeconómicas da cooperativa, en especial o réxime do seu dereito de separación. O socio colaborador non se lle poderán esixir novas achegas ó capital social, nin poderán desenvolver actividades cooperativizadas no seo da dita sociedade.

As achegas realizadas polos socios colaboradores en ningún caso poderán exceder do corenta e cinco por cento do total das achegas ó capital social, nin o conxunto dos votos a eles correspondente, sumados entre si, poderán supera-lo trinta por cento dos votos nos órganos sociais da cooperativa.

Poderán pasar a te-la condición de socios colaboradores aqueles socios que por causa xustificada non realicen a actividade que motivou o seu ingreso na cooperativa e non soliciten a súa baixa.

O réxime de responsabilidade dos socios colaboradores é o que se establece para os socios no artigo 15, puntos 3 e 4, desta lei.

Artigo 15. *Obrigas e responsabilidade dos socios.*

1. Os socios están obrigados a cumpri-los deberes legais e estatutarios.

2. En especial, os socios terán as seguintes obrigas:

a) Cumpriren os acordos validamente adoptados polos órganos sociais da cooperativa, sen prexuízo do disposto no número 4 do artigo 17.

b) Participaren nas actividades cooperativizadas que desenvolve a cooperativa para o cumprimento do seu fin social, na contía mínima obrigatoria establecida nos seus estatutos. O consello rector, cando exista causa xustificada, poderá liberar da dita obriga ó socio, na contía que proceda e segundo as circunstancias que concurran.

c) Gardaren segredo sobre aqueles asuntos e datos da cooperativa a divulgación dos cales poida prexudicá-los intereses sociais lícitos.

d) Aceptaren os cargos para os que sexan elixidos, salvo xusta causa de escusa.

e) Cumpriren coas obrigas económicas que lles correspondan.

f) Non realizaren actividades competitivas coas actividades empresariais que desenvolva a cooperativa, salvo autorización expresa do consello rector.

3. A responsabilidade do socio polas débedas sociais estará limitada ás achegas ó capital social que subscribise, estean ou non desembolsadas na súa totalidade.

4. Non obstante, o socio que cause baixa na cooperativa responderá persoalmente polas débedas sociais, logo de exclusión do haber social, durante cinco anos desde a perda da súa condición de socio, polas obrigas contraídas pola cooperativa con anterioridade á súa baixa, ata o importe reembolsado das súas achegas ó capital social.

Artigo 16. *Dereitos dos socios.*

1. Os socios poden exercitar, sen máis restriccións cás derivadas dun procedemento sancionador, ou de medidas cautelares estatutarias, tódolos dereitos recoñecidos legal ou estatutariamente.

2. En especial teñen dereito a:

a) Asistiren, participaren nos debates, formularen propostas segundo a regulación estatutaria e votaren as propostas que se lles sometan na asemblea xeral e demais órganos colexiados dos que formen parte.

b) Seren electores e elixibles para os cargos dos órganos sociais.

c) Participaren en tódalas actividades da cooperativa, sen discriminacións.

d) Ó retorno cooperativo, se é o caso.

e) Á actualización, cando proceda, e á liquidación das achegas ó capital social, así como a percibiren xuros por elas, se é o caso.

f) Á baixa voluntaria.

g) Recibiren a información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.

h) Á formación profesional adecuada para realizaren o seu traballo os socios traballadores e os socios de traballo.

3. Todo socio da cooperativa poderá exercita-lo dereito de información nos termos previstos nesta lei, nos estatutos ou nos acordos da asemblea xeral.

O socio terá dereito como mínimo a:

a) Recibir copia dos estatutos sociais e, de existir, do regulamento de réxime interno e das súas modificacións, con mención expresa do momento de entrada en vigor destas.

b) Libre acceso ós libros de rexistro de socios da cooperativa, así como ó libro de actas da asemblea xeral e, se o solicita, o consello rector deberá proporcionarlle copia certificada dos acordos adoptados nas asembleas xerais.

c) Recibir, se o solicita, do consello rector, copia certificada dos acordos do consello que afecten ó socio,

individual ou particularmente, e en todo caso a que se lle mostre e aclare, nun prazo non superior a un mes, o estado da súa situación económica en relación coa cooperativa.

d) Examinar no domicilio social e naqueles centros de traballo que determinen os estatutos, no prazo comprendido entre a convocatoria da asemblea e a súa celebración, os documentos que vaian ser sometidos a ela e en particular as contas anuais, o informe de xestión, a proposta de distribución de resultados e o informe dos interventores ou o informe da auditoría, segundo os casos.

e) Solicitar por escrito, con anterioridade á celebración da asemblea, ou verbalmente no transcurso desta, a ampliación de canta información considere necesaria en relación cos puntos contidos na orde do día.

Os estatutos regularán o prazo mínimo de antelación para presentar no domicilio social a solicitude por escrito e o prazo máximo no que o consello poderá responder fóra da asemblea, pola complexidade da petición formulada.

f) Solicitar por escrito e recibir información sobre a marcha da cooperativa nos termos previstos nos estatutos e en particular sobre a que afecte ós seus dereitos económicos ou sociais. Neste suposto, o consello rector deberá facilita-la información solicitada no prazo de 30 días ou, se se considera que é de interese xeral, na asemblea máis próxima que se vaia celebrar, incluíndoa na orde do día.

g) Cando o 10 por cento dos socios da cooperativa, ou cen socios, se esta ten máis de mil, soliciten por escrito ó consello rector a información que consideren necesaria, este deberá proporcionala tamén por escrito, nun prazo non superior a un mes.

4. Nos supostos das alíneas e), f) e g) do punto 3, o consello rector poderá nega-la información solicitada, cando o feito de proporcionala poña en grave perigo os lexítimos intereses da cooperativa ou cando a petición constitúa obstrución reiterada ou abuso manifesto por parte dos socios solicitantes. Non obstante, estas excepcións non procederán cando a información deba proporcionarse no acto da asemblea e esta apoiase a solicitude de información por máis da metade dos votos presentes e representados e, nos demais supostos, cando así o acorde o comité de recursos, ou, no seu defecto, a asemblea xeral como consecuencia do recurso interposto polos socios solicitantes da información.

En todo caso, a negativa do consello rector a proporcionar-la información solicitada poderá ser impugnada polos solicitantes desta polo procedemento a que se refire o artigo 31 desta lei; ademais, respecto ós supostos das letras a), b) e c) do punto 3 deste artigo, poderán acudir ó procedemento previsto no artigo 2.166 da Lei de axuízamento civil.

Artigo 17. *Baixa do socio.*

1. O socio poderá darse de baixa voluntariamente na cooperativa en calquera momento, mediante preaviso por escrito ó consello rector. O prazo de preaviso, que fixarán os estatutos, non poderá ser superior a un ano, e o seu incumprimento poderá dar lugar á correspondente indemnización de danos e perdas.

2. A cualificación e determinación dos efectos da baixa será competencia do consello rector, que deberá formalizala no prazo de tres meses, excepto que os estatutos establezan un prazo distinto, contado desde a data de efectos da baixa, por escrito motivado que deberá ser comunicado ó socio interesado. Transcorrido tal prazo sen que resolverse o consello rector, o socio poderá considera-la súa baixa como xustificada para os efectos

da súa liquidación e reembolso de achegas ó capital, todo iso sen prexuízo do previsto no artigo 51 desta lei.

3. Os estatutos poderán esixi-lo compromiso do socio de non se dar de baixa voluntariamente, sen xusta causa que a cualifique de xustificada, ata o final do exercicio económico en que queira causar baixa ou ata que transcorrese, desde a súa admisión, o tempo que fixen os estatutos, que non será superior a cinco anos.

4. O socio que salvase expresamente o seu voto ou estivese ausente e desconforme con calquera acordo da asemblea xeral que implique a asunción de obrigas ou cargas gravemente onerosas non previstas nos estatutos, poderá darse de baixa, que terá a consideración de xustificada, mediante escrito dirixido ó consello rector dentro dos corenta días contados do seguinte ó da recepción do acordo.

5. Causarán baixa obrigatoria os socios que perdan os requisitos esixidos para o seren segundo esta lei ou os estatutos da cooperativa.

A baixa obrigatoria será acordada, logo de audiencia do interesado, polo consello rector, de oficio, a petición de calquera outro socio ou do propio afectado.

O acordo do consello rector será executivo desde que sexa notificada a ratificación do comité de recursos ou, no seu defecto, da asemblea xeral, ou desde que transcorra o prazo para interpor recurso ante eles sen o ter feito. Non obstante, poderá establecer con carácter inmediato a suspensión cautelar de dereitos e obrigas do socio ata que o acordo sexa executivo se así o prevén os estatutos, que deberán determina-lo alcance da devandita suspensión. O socio conservará o seu dereito de voto na asemblea xeral mentres o acordo non sexa executivo.

6. O socio desconforme co acordo motivado do consello rector sobre a cualificación e efectos da súa baixa poderá impugnalos nos termos previstos na alínea c) do punto 3 do artigo 18 desta lei.

Artigo 18. *Normas de disciplina social.*

1. Os socios só poderán ser sancionados polas faltas previamente tipificadas nos estatutos, que se clasificarán en faltas leves, graves e moi graves.

2. As infraccións cometidas polos socios prescribirán se son leves ós dous meses, se son graves ós catro meses, e se son moi graves ós seis meses. Os prazos empezarán a computarse a partir da data na que se cometesen. O prazo interrómpeuse ó incoarse o procedemento sancionador e corre de novo se no prazo de catro meses non se dicta e notifica a resolución.

3. Os estatutos establecerán os procedementos sancionadores e os recursos que procedan, respectando as seguintes normas:

a) A facultade sancionadora é competencia indelegable do consello rector.

b) En tódolos supostos é preceptiva a audiencia previa dos interesados e as súas alegacións deberán realizarse por escrito nos casos de faltas graves ou moi graves.

c) O acordo de sanción pode ser impugnado no prazo dun mes, desde a súa notificación, ante o comité de recursos, que deberá resolver no prazo de dous meses ou, no seu defecto, ante a asemblea xeral, que resolverá na primeira reunión que se celebre. Transcorridos os devanditos prazos sen terse resolto e notificado o recurso entenderase que este foi estimado.

No suposto de que a impugnación non sexa admitida ou se desestimase, poderá interporse recurso, no prazo dun mes desde a súa non-admisión ou notificación, ante

o xuíz de primeira instancia, pola canle procesual prevista no artigo 31 desta lei.

4. A sanción de suspende-lo socio nos seus dereitos, que non poderá alcanzar ó dereito de información nin, se é o caso, ó de percibir retorno, ó devengo de xuros polas súas achegas ó capital social, nin á de actualización destas, regularase nos estatutos só para o suposto en que o socio estea ó descuberto das súas obrigas económicas ou non participe nas actividades cooperativizadas, nos termos establecidos estatutariamente.

5. A expulsión dos socios só procederá por falta moi grave. Pero se afectase a un cargo social o mesmo acordo rector poderá incluí-la proposta de cesamento simultáneo no desempeño do devandito cargo.

O acordo de expulsión será executivo unha vez que sexa notificada a ratificación do comité de recursos ou, no seu defecto, da asemblea xeral mediante votación secreta, ou cando transcorrese o prazo para interpor recurso ante eles sen o ter feito. Non obstante, poderá aplicarse o réxime de suspensión cautelar previsto no artigo anterior.

CAPÍTULO IV

Dos órganos da sociedade cooperativa

SECCIÓN 1.^a DOS ÓRGANOS SOCIAIS

Artigo 19. *Órganos da sociedade.*

Son órganos da sociedade cooperativa os seguintes:

A asemblea xeral.

O consello rector.

A intervención.

Igualmente a sociedade cooperativa poderá preve-la existencia dun comité de recursos e doutras instancias de carácter consultivo ou asesor, coas funcións que se determinen nos estatutos, que, en ningún caso, poderán confundirse coas propias dos órganos sociais.

SECCIÓN 2.^a DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 20. *Concepto.*

A asemblea xeral é a reunión dos socios constituída co obxecto de deliberar e adoptar acordos sobre aqueles asuntos que, legal ou estatutariamente, sexan da súa competencia, vinculando as decisións adoptadas a tódolos socios da cooperativa.

Artigo 21. *Competencia.*

1. A asemblea xeral fixará a política xeral da cooperativa e poderá debater sobre calquera outro asunto de interese para ela, sempre que conste na orde do día, pero unicamente poderá tomar acordos obrigatorios en materias que esta lei non considere competencia exclusiva doutro órgano social.

Non obstante o anterior, e salvo disposición contraria dos estatutos, a asemblea xeral poderá impartir instrucións ó consello rector ou someter a autorización a adopción polo devandito órgano de decisións ou acordos sobre determinados asuntos.

2. Corresponde en exclusiva á asemblea xeral deliberar e tomar acordos sobre os seguintes asuntos:

a) Exame da xestión social, aprobación das contas anuais, do informe de xestión e da aplicación dos excedentes dispoñibles ou imputación das perdas.

b) Nomeamento e revogación dos membros do consello rector, dos interventores, dos auditores de contas, dos liquidadores e, de se-lo caso, o nomeamento do comité de recursos así como sobre a contía da retribución dos conselleiros e dos liquidadores.

c) Modificación dos estatutos e aprobación ou modificación, se é o caso, do regulamento de réxime interno da cooperativa.

d) Aprobación de novas achegas obrigatorias, admisión de achegas voluntarias, actualización do valor das achegas ó capital social, fixación das achegas dos novos socios, establecemento de cotas de ingreso ou periódicas, así como o tipo de xuro que se aboará polas achegas ó capital social.

e) Emisión de obrigas, títulos participativos, participacións especiais ou outras formas de financiamento mediante emisións de valores negociables.

f) Fusión, escisión, transformación e disolución da sociedade.

g) Toda decisión que supoña unha modificación substancial, segundo os estatutos, da estrutura económica, social, organizativa ou funcional da cooperativa.

h) Constitución de cooperativas de segundo grao e de grupos cooperativos ou incorporación a estes se xa están constituídos, participación noutras formas de colaboración económica recollida no artigo 79 desta lei, adhesión a entidades de carácter representativo así como a separación delas.

i) O exercicio da acción social de responsabilidade contra os membros do consello rector, os auditores de contas e liquidadores.

j) Os derivados dunha norma legal ou estatutaria.

3. A competencia da asemblea xeral sobre os actos en que o seu acordo é preceptivo en virtude de norma legal ou estatutaria ten carácter indelegable, salvo aquelas competencias que poidan ser delegadas no grupo cooperativo regulado no artigo 78 desta lei.

Artigo 22. *Clases e formas de asemblea xeral.*

1. As asembleas xerais poden ser ordinarias ou extraordinarias.

A asemblea xeral ordinaria ten por obxecto principal examina-la xestión social e aprobar, se procede, as contas anuais. Poderá así mesmo incluír na súa orde do día calquera outro asunto propio da competencia da asemblea.

As demais asembleas xerais terán o carácter de extraordinarias.

2. As asembleas xerais serán de delegados elixidos en xuntas preparatorias, cando os estatutos, en atención ás circunstancias que dificulten a presenza de tódolos socios na asemblea xeral ou outras, así o prevexan.

Artigo 23. *Convocatoria.*

1. A asemblea xeral ordinaria deberá ser convocada polo consello rector, dentro dos seis meses seguintes á data de cerramento do exercicio económico.

2. Se cumprido o prazo legal non se realizou a convocatoria, os interventores deberana instar do consello rector, e se este non a convoca dentro dos quince días seguintes ó recibo do requirimento, deberán solicitala ó xuíz competente, que a convocará.

Transcorrido o prazo legal sen se realiza-la convocatoria da asemblea ordinaria, sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, calquera socio poderá solicitar da referida autoridade xudicial que a convoque. En todo caso, a autoridade xudicial só tramitará a primeira das solicitudes de convocatoria que se realicen.

3. A asemblea xeral extraordinaria será convocada por iniciativa do consello rector, a petición efectuada, de forma fidedigna, por un número de socios que representen o vinte por cento do total dos votos e, se o prevén os estatutos, a solicitude dos interventores. Se o requirimento de convocatoria non é atendido polo consello rector dentro do prazo dun mes, os solicitantes poderán instar do xuíz competente que a convoque.

4. No suposto de o xuíz realiza-la convocatoria, este designará as persoas que cumprirán as funcións de presidente e secretario da asemblea.

5. Non será necesaria a convocatoria sempre que estean presentes ou representados tódolos socios da cooperativa e acepten, por unanimidade, constituírse en asemblea xeral universal aprobando, todos eles, a orde do día. Tódolos socios asinarán unha acta que recollerá, en todo caso, o acordo para celebra-la asemblea e maila orde do día.

Artigo 24. *Forma e contido da convocatoria.*

1. A asemblea xeral convocarase, cunha antelación mínima de quince días e máxima de dous meses, sempre mediante anuncio exposto publicamente de forma destacada no domicilio social e en cada un dos demais centros en que a cooperativa desenvolva a súa actividade, se é o caso, sen prexuízo de que os estatutos poidan indicar ademais calquera procedemento de comunicación, individual e escrita, que asegure a recepción do anuncio por tódolos socios no domicilio designado para o efecto ou no que conste no libro rexistro de socios; non obstante, para os socios que residan no estranxeiro os estatutos poderán prever que só serán convocados individualmente se tivesen designado para as notificacións un lugar do territorio nacional.

Cando a cooperativa teña máis de cincocentos socios, ou se así o esixen os estatutos, a convocatoria anunciarase tamén, coa mesma antelación, nun determinado xornal de gran difusión no territorio en que teña o seu ámbito de actuación. O prazo quincenal computarase excluindo do seu cómputo tanto o día da exposición, envío ou publicación do anuncio, coma o de celebración da asemblea.

2. A convocatoria indicará, alomenos, a data, hora e lugar da reunión, se é en primeira ou segunda convocatoria, así como os asuntos que compoñen a orde do día, que terá sido fixada polo consello rector e incluírá tamén os asuntos que inclúan os interventores e un número de socios que represente o 10 por 100 ou alcance a cifra de douscentos, e que sexan presentados antes de que finalice o oitavo día posterior ó da publicación da convocatoria. O consello rector, se é o caso, deberá facer pública a nova orde do día cunha antelación mínima de catro días ó da celebración da asemblea, na forma establecida para a convocatoria.

Artigo 25. *Constitución da asemblea.*

1. A asemblea xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria, cando estean presentes ou representados máis da metade dos votos sociais e, en segunda convocatoria, cando menos, un dez por cento dos votos ou cen votos sociais. Os estatutos sociais poderán fixar un quórum superior. Non obstante, e cando expresamente o establezan os estatutos, a asemblea xeral quedará validamente constituída en segunda convocatoria calquera que sexa o número de socios presentes ou representados.

Así mesmo, os estatutos poderán establece-la porcentaxe de asistentes que deberán ser socios que desenvolvan actividade cooperativizada para a válida constitución en cada convocatoria, sen que, en ningún caso,

a aplicación destas porcentaxes supoña supera-los límites que se fixan no parágrafo anterior.

2. A asemblea xeral estará presidida polo presidente e, no seu defecto, polo vicepresidente do consello rector; actuará de secretario o que o sexa do consello rector ou quen o substitúa estatutariamente. En defecto destes cargos, serán os que elixa a asemblea.

3. As votacións serán secretas nos supostos previstos na presente lei ou nos estatutos, ademais de naqueles en que así o aproben, logo da súa votación por solicitude de calquera socio, o dez por cento dos votos sociais presentes e representados na asemblea xeral.

Os estatutos poderán regular cautelas respecto ó último suposto, para evitar abusos; entre elas a de que só poida promoverse unha petición de votación secreta en cada sesión asemblearia cando, polo número de asistentes, a densidade da orde do día ou por outra causa razoable, iso resulte o máis adecuado para o desenvolvemento da reunión.

Artigo 26. *Dereito de voto.*

1. Na asemblea xeral cada socio terá 1 voto.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, nas cooperativas de primeiro grao, os estatutos poderán establecer-lo dereito ó voto plural ponderado, en proporción ó volume da actividade cooperativizada, para os socios que sexan cooperativas, sociedades controladas por estas ou entidades públicas. Nestes supostos os estatutos fixarán con claridade os criterios de proporcionalidade, sen que o número de votos dun socio poida ser superior ó tercio dos votos totais da cooperativa.

3. No caso de cooperativas con distintas modalidades de socios, poderase atribuír un voto plural ou fraccionado, na medida en que iso sexa necesario para manter as proporcións que, en canto a dereito de voto na asemblea xeral, se establecesen nos estatutos para os distintos tipos de socios.

4. Nas cooperativas agrarias, de servizos, de transportistas e do mar poderán prever-los estatutos a posibilidade dun voto plural ponderado, en proporción ó volume da actividade cooperativizada do socio, que non poderá ser superior en ningún caso a cinco votos sociais, sen que poidan atribuír a un só socio máis dun tercio de votos totais da cooperativa. Nas de crédito, aplicarase o establecido na normativa especial destas entidades.

5. Nas cooperativas de explotación comunitaria da terra a cada socio traballador corresponderalle un voto e ós socios cedentes do goce de bens á cooperativa poderáselles atribuír un voto plural ou fraccionado, en función da valoración dos bens cedidos, sen que, en ningún caso, un só socio poida quintuplica-la fracción de voto que ostente outro socio da mesma modalidade.

6. Nas cooperativas de segundo grao, se o prevén os estatutos, o voto dos socios poderá ser proporcional á súa participación na actividade cooperativizada da sociedade e/ou ó número de socios activos que integran a cooperativa asociada, suposto no cal os estatutos deberán fixar con claridade os criterios da proporcionalidade do voto. Non obstante, ningún socio poderá ostentar máis dun tercio dos votos totais, salvo que a sociedade estea integrada só por tres socios, caso en que o límite se elevará ó corenta por cento, e se a integrasen unicamente dous socios, os acordos deberán adoptarse por unanimidade de voto dos socios. En todo caso, o número de votos das entidades que non sexan sociedades cooperativas non poderá alcanza-lo corenta por cento dos votos sociais. Os estatutos poderán establecer un límite inferior.

7. A suma de votos plurais, excepto no caso de cooperativas de segundo grao, non poderá alcanza-la

metade do número de socios e, en todo caso, os socios titulares de votos plurais poderán renunciar, para unha asemblea ou en calquera votación, a eles, exercitando un só voto. Ademais, os estatutos deberán regula-los supostos en que será imperativo o voto igualitario.

8. Os estatutos establecerán os supostos en que o socio deba absterse de votar por encontrarse en conflito de intereses, incluíndo en todo caso aqueles previstos na Lei de sociedades de responsabilidade limitada.

Artigo 27. *Voto por representante.*

1. O socio poderá facerse representar nas reunións da asemblea xeral por medio doutro socio, quen non poderá representar a máis de dous. Tamén poderá ser representado, excepto o socio que cooperativiza o seu traballo ou aquel ó que llo impida algunha normativa específica, por un familiar con plena capacidade de obrar e dentro do grao de parentesco que establezan os estatutos.

2. A representación legal, para efectos de asistir á asemblea xeral, das persoas xurídicas e dos menores ou incapacitados, axustarase ás normas do dereito común ou especial que sexan aplicables.

3. A delegación de voto, que só poderá facerse con carácter especial para cada asemblea, deberá efectuarse polo procedemento que prevexan os estatutos.

Artigo 28. *Adopción de acordos.*

1. Excepto nos supostos previstos nesta lei, a asemblea xeral adoptará os acordos por máis da metade dos votos validamente expresados, non sendo computables para estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

2. Será necesaria a maioría de dous tercios dos votos presentes e representados para adoptar acordos de modificación de estatutos, adhesión ou baixa nun grupo cooperativo, transformación, fusión, escisión, disolución e reactivación da sociedade.

3. Os estatutos poderán esixir maiorías superiores ás establecidas nos puntos anteriores, sen que, en ningún caso, superen as catro quintas partes dos votos validamente emitidos.

4. Serán nulos os acordos sobre asuntos que non consten na orde do día, salvo o de convocar unha nova asemblea xeral; o de que se realice censura das contas por membros da cooperativa ou por persoa externa; o de prorroga-la sesión da asemblea xeral; o exercicio da acción de responsabilidade contra os administradores, os interventores, os auditores ou os liquidadores; a revogación dos cargos sociais antes mencionados, así como aqueloutros casos previstos na presente lei.

5. Os acordos da asemblea xeral producirán os efectos a eles inherentes desde o momento en que fosen adoptados.

Artigo 29. *Acta da asemblea.*

1. A acta da asemblea será redactada polo secretario e deberá expresar, en todo caso, lugar, data e hora da reunión, relación de asistentes, se se celebra en primeira ou segunda convocatoria, manifestación da existencia de quórum suficiente para a súa válida constitución, sinalamento da orde do día, resumo das deliberacións e intervencións das que se solicitase a súa constancia na acta, así como a transcripción dos acordos adoptados cos resultados das votacións.

2. A acta da sesión poderá ser aprobada pola propia asemblea xeral a continuación do acto da súa celebración, ou, no seu defecto, deberá selo dentro do prazo de quince días seguintes á súa celebración, polo presidente dela e dos socios sen ningún cargo designados na mesma asemblea, que a asinarán xunto co secretario.

3. Cando os acordos sexan inscribibles, deberán presentarse no Rexistro de Sociedades Cooperativas os documentos necesarios para a súa inscrición dentro dos trinta días seguintes ó da aprobación da acta, baixo a responsabilidade do consello rector.

4. O consello rector poderá requirir-la presenza de notario para que levante acta da asemblea e estará obrigado a facelo sempre que, con sete días de antelación ó previsto para a sesión, o soliciten socios que representen alomenos o dez por cento de todos eles. A acta notarial non se someterá a trámite de aprobación e terá a consideración de acta da asemblea.

Artigo 30. *Asemblea xeral de delegados.*

1. Cando os estatutos prevexan, por causas obxectivas e expresas, asembleas de delegados, deberán regular os criterios de adscrición dos socios en cada xunta preparatoria, a súa facultade de elevar propostas non vinculantes, as normas para a elección de delegados, de entre os socios presentes que non desempeñen cargos sociais, o número máximo de votos que poderá ostentar cada un na asemblea xeral e o carácter e duración do mandato, que non poderá ser superior ós tres anos. Cando o mandato dos delegados sexa plurianual os estatutos deberán regular un sistema de reunións informativas, previas e posteriores á asemblea, daqueles cos socios adscritos á xunta correspondente.

2. As convocatorias das xuntas preparatorias e da asemblea de delegados terán que ser únicas, cunha mesma orde do día, e co réxime de publicidade previsto no artigo 24 da presente lei. Tanto as xuntas preparatorias coma a asemblea de delegados rexeranse polas normas de constitución e funcionamento da asemblea xeral.

Salvo cando asista o presidente da cooperativa, as xuntas preparatorias estarán presididas por un socio elixido entre os asistentes e sempre serán informadas por un membro, alomenos, do consello rector.

Cando na orde do día figuren eleccións a cargos sociais, estas poderán ter lugar directamente nas xuntas preparatorias celebradas o mesmo día, quedando o reconto final e a proclamación dos candidatos para a asemblea xeral de delegados.

3. A aprobación diferida da acta de cada xunta preparatoria deberá realizarse dentro dos cinco días seguintes á súa respectiva celebración.

4. Só será impugnabile o acordo adoptado pola asemblea xeral de delegados aínda que para examinalo seu contido e validez se terán en conta as deliberacións e acordos das xuntas preparatorias.

5. No non previsto no presente artigo e nos estatutos sobre as xuntas preparatorias observaranse, en canto sexan aplicables, as normas establecidas para a asemblea xeral.

Artigo 31. *Impugnación de acordos da asemblea xeral.*

1. Poderán ser impugnados os acordos da asemblea xeral que sexan contrarios á lei, que se opoñan ós estatutos ou lesionen, en beneficio de un ou varios socios ou terceiros, os intereses da cooperativa.

Non procederá a impugnación dun acordo social que fose deixado sen efecto ou substituído validamente por outro. Se fose posible elimina-la causa de impugnación, o xuíz outorgará un prazo razoable para que aquela poida ser reparada.

2. Serán nulos os acordos contrarios á lei. Os demais acordos a que se refire o número anterior serán anulables.

3. A acción de impugnación dos acordos nulos caducará no prazo dun ano, con excepción dos acordos

que, pola súa causa ou contido, resulten contrarios á orde pública. A acción de impugnación dos acordos anulables caducará ós corenta días.

Os prazos de caducidade previstos neste artigo computaranse desde a data de adopción do acordo ou, en caso de estar este suxeito a inscrición no Rexistro de Sociedades Cooperativas, desde a data na que se inscribise.

4. Para a impugnación dos acordos nulos están lexitimados: calquera socio; os membros do consello rector; os interventores; o comité de recursos e os terceiros que acrediten interese lexítimo. Para impugnalos acordos anulables estarán lexitimados: os socios asistentes á asemblea que fixesen constar, en acta ou mediante documento fidedigno entregado dentro das 48 horas seguintes, a súa oposición ó acordo, aínda que a votación fose secreta; os ilexítimamente privados do dereito de voto e os ausentes, así como os membros do consello rector e os interventores. Están obrigados a impugnalos acordos contrarios á lei ou ós estatutos, o consello rector, os interventores e os liquidadores e, se é o caso, o comité de recursos.

5. As accións de impugnación acomodaranse ás normas establecidas nos artigos 118 a 121 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas en canto non resulten contrarias a esta lei, coa particularidade de que para solicitar no escrito de demanda a suspensión do acordo impugnado se esixirá que os demandantes sexan ou os interventores ou socios que representen, alomenos, un vinte por cento do total de votos sociais.

6. A sentenza estimatoria da acción de impugnación producirá efectos fronte a tódolos socios, pero non afectará ós dereitos adquiridos por terceiros de boa fe como consecuencia do acordo impugnado. No caso de que o acordo impugnado estivese inscrito, a sentenza determinará, ademais, a cancelación da súa inscrición, así como a dos asentos posteriores que resulten contradictorios con ela.

SECCIÓN 3.^a DO CONSELLO RECTOR

Artigo 32. *Natureza, competencia e representación.*

1. O consello rector é o órgano colexiado de goberno ó que lle corresponde, alomenos, a alta xestión, a supervisión dos directivos e a representación da sociedade cooperativa, con suxeición á lei, ós estatutos e á política xeral fixada pola asemblea xeral.

Non obstante, naquelas cooperativas en que o número de socios sexa inferior a dez, os estatutos poderán establecer-la existencia dun administrador único, persoa física que ostente a condición de socio, que asumirá as competencias e funcións previstas nesta lei para o consello rector, o seu presidente e secretario.

Corresponde ó consello rector cantas facultades non estean reservadas por lei ou polos estatutos a outros órganos sociais e, se é o caso, acorda-la modificación dos estatutos cando consista no cambio de domicilio social dentro do mesmo termo municipal.

En todo caso, as facultades representativas do consello rector esténdense a tódolos actos relacionados coas actividades que integren o obxecto social da cooperativa, sen que produzan efectos fronte a terceiros as limitacións que en canto a eles puidesen conte-las estatutos.

2. O presidente do consello rector e, se é o caso, o vicepresidente, que o será tamén da cooperativa, exercerán a representación legal desta, dentro do ámbito de facultades que lles atribúan os estatutos e as concretas que para a súa execución resulten dos acordos da asemblea xeral ou do consello rector.

3. O consello rector poderá conferir apoderamentos, así como proceder á súa revogación, a calquera persoa, coas facultades representativas de xestión ou dirección que se establecerán na escritura de poder, e en especial nomear e revoga-lo xerente, director xeral ou cargo equivalente, como apoderado principal da cooperativa. O outorgamento, modificación ou revogación dos poderes de xestión ou dirección con carácter permanente inscribíranse no Rexistro de Sociedades Cooperativas.

Artigo 33. *Composición.*

Os estatutos establecerán a composición do consello rector. O número de conselleiros non poderá ser inferior a tres nin superior a quince, debendo existir, en todo caso, un presidente, un vicepresidente e un secretario. Cando a cooperativa teña tres socios, o consello rector estará formado por dous membros, e non existirá o cargo de vicepresidente.

A existencia doutros cargos e de suplentes recollerase nos estatutos, que en ningún caso poderán establecer reserva dos cargos de presidente, vicepresidente ou secretario. Non obstante, as cooperativas, se o prevén os estatutos, poderán reservar postos de vocais ou conselleiros do consello rector, para a súa designación de entre colectivos de socios, determinados obxectivamente.

Cando a cooperativa teña máis de cincuenta traballadores con contrato por tempo indefinido e estea constituído o comité de empresa, un deles formará parte do consello rector como membro vocal, que será elixido e revogado polo devandito comité; no caso de que existan varios comités de empresa, será elixido polos traballadores fixos.

O período de mandato e o réxime do referido membro vocal serán iguais cós establecidos nos estatutos e no regulamento de réxime interno para os restantes conselleiros.

Artigo 34. *Elección.*

1. Os conselleiros, salvo no suposto previsto no artigo anterior, serán elixidos pola asemblea xeral en votación secreta e polo maior número de votos. Os estatutos ou o regulamento de réxime interno deberán regular-lo proceso electoral, de acordo coas normas desta lei. En todo caso, nin serán válidas as candidaturas presentadas fóra do prazo que sinala a autorregulación correspondente nin os conselleiros sometidos a renovación poderán decidir sobre a validez das candidaturas.

Os cargos de presidente, vicepresidente e secretario serán elixidos, de entre os seus membros, polo consello rector ou pola asemblea segundo previsión estatutaria.

Tratándose dun conselleiro persoa xurídica, deberá esta designar unha persoa física para o exercicio das funcións propias do cargo.

2. Os estatutos poderán admiti-lo nomeamento como conselleiros de persoas cualificadas e expertas que non teñan a condición de socios, en número que non exceda dun tercio do total, e que en ningún caso poderán ser nomeados presidente nin vicepresidente. Salvo en tal suposto e o previsto no artigo anterior, tan só poderán ser elixidos como conselleiros aqueles que teñan a condición de socios da cooperativa.

3. O nomeamento dos conselleiros producirá efecto desde o momento da súa aceptación, e deberá ser presentado a inscrición no Rexistro de Sociedades Cooperativas, no prazo dun mes.

Artigo 35. *Duración, cesamento e vacantes.*

1. Os conselleiros serán elixidos por un período dunha duración que fixarán os estatutos, de entre tres e seis anos, e poderán ser reelixidos.

Os conselleiros que esgotasen o prazo para o que foron elixidos continuarán exercendo os seus cargos ata o momento en que se produza a aceptación dos que os substitúan.

2. O consello rector renovarase simultaneamente na totalidade dos seus membros, salvo que os estatutos establezan renovacións parciais.

3. Poderán ser destituídos os conselleiros por acordo da asemblea xeral, aínda que non conste como punto da orde do día, se ben, neste caso, será necesaria a maioría do total de votos da cooperativa salvo norma estatutaria que, para casos xustificados, prevexa unha maioría inferior. Queda a salvo, en todo caso, o disposto no número 4, do artigo 41, para o que abondará a maioría simple.

4. A renuncia dos conselleiros poderá ser aceptada polo consello rector ou pola asemblea xeral.

5. Vacante o cargo de presidente e en tanto non se proceda a elixir un substituto, as súas funcións serán asumidas polo vicepresidente, sen prexuízo das substitucións que procedan en casos de imposibilidade ou contraposición de intereses.

6. Se, simultaneamente, quedasen vacantes os cargos de presidente e vicepresidente elixidos directamente pola asemblea ou se quedase un número de membros do consello rector insuficiente para constituír validamente este, as funcións do presidente serán asumidas polo conselleiro elixido entre os que quedasen. A asemblea xeral, nun prazo máximo de quince días, deberá ser convocada para os efectos de cubri-las vacantes que se producisen. Esta convocatoria poderá acordala o consello rector aínda que non concorra o número de membros que esixe o artigo seguinte.

Artigo 36. *Funcionamento.*

1. Os estatutos ou, no seu defecto, a asemblea xeral, regularán o funcionamento do consello rector, das comisións, comités ou comisións executivas que poidan crearse, así como as competencias dos conselleiros delegados.

2. Os conselleiros non poderán facerse representar.

3. O consello rector, logo de convocatoria, quedará validamente constituído cando concorran persoalmente á reunión máis da metade dos seus compoñentes.

4. Os acordos adoptaranse por máis da metade dos votos validamente expresados. Cada conselleiro terá un voto. O voto do presidente dirimirá os empates.

5. A acta da reunión, asinada polo presidente e o secretario, recollerá os debates en forma sucinta e o texto dos acordos, así como o resultado das votacións.

Artigo 37. *Impugnación dos acordos do consello rector.*

1. Poderán ser impugnados os acordos do consello rector que se consideren nulos ou anulables no prazo de dous meses ou un mes, respectivamente, desde a súa adopción.

2. Para o exercicio das accións de impugnación dos acordos nulos están lexitimados tódolos socios, incluso os membros do consello rector que votasen a favor do acordo e os que se abstivesen. Así mesmo, están lexitimados para o exercicio das accións de impugnación dos acordos anulables os asistentes á reunión do consello que fixesen constar, en acta, o seu voto contra o acordo adoptado, os ausentes e os que fosen ilexítimamente privados de emitilo seu voto, así como os interventores e o cinco por cento dos socios. Nos demais aspectos, axustarase ó procedemento previsto para a impugnación de acordos da asemblea xeral.

3. O prazo de impugnación dos acordos do consello rector será dun mes contado desde a data de adopción do acordo, se o impugnante é conselleiro, ou nos demais casos desde que os impugnantes tiveren coñecemento deles, sempre que non transcorrese un ano desde a súa adopción.

SECCIÓN 4.^a DA INTERVENCIÓN

Artigo 38. *Funcións e nomeamento.*

1. A intervención, como órgano de fiscalización da cooperativa, ten como funcións, ademais das que expresamente lle encomenda esta lei, as que lle asignen os estatutos, de acordo coa súa natureza, que non estean expresamente encomendadas a outros órganos sociais. A intervención pode consultar e comprobar toda a documentación da cooperativa e proceder ás verificacións que coide necesarias.

2. Os estatutos fixarán, se é o caso, o número de interventores titulares, que non poderá ser superior ó de conselleiros, podendo, así mesmo, establece-la existencia e o número de suplentes. Os estatutos, que poderán prever renovacións parciais, fixarán a duración do seu mandato de entre tres e seis anos; poderán ser reelixidos.

3. Os interventores serán elixidos entre os socios da cooperativa. Cando se trate de persoa xurídica, esta deberá nomear unha persoa física para o exercicio das funcións propias do cargo.

Un tercio dos interventores poderá ser designado entre expertos independentes.

4. O interventor ou interventores titulares e, se os houber, os suplentes, serán elixidos pola asemblea xeral, en votación secreta, polo maior número de votos.

Artigo 39. *Informe das contas anuais.*

1. As contas anuais e o informe de xestión, antes de seren presentados para a súa aprobación á asemblea xeral, deberán ser censurados polo interventor ou interventores, salvo que a cooperativa estea suxeita á auditoría de contas a que se refire o artigo 62 desta lei.

2. O informe definitivo deberá ser formulado e posto á disposición do consello rector no prazo máximo dun mes desde que se entreguen as contas con tal fin. En caso de desconformidade, os interventores deberán emitir informe por separado. En tanto non se emita o informe ou transcorra o prazo para facelo, non poderá ser convocada a asemblea xeral á aprobación da cal deban someterse as contas.

SECCIÓN 5.^a DISPOSICIÓNS COMÚNS Ó CONSELLO RECTOR E Á INTERVENCIÓN

Artigo 40. *Retribución.*

Os estatutos poderán prever que os conselleiros e os interventores non socios perciban retribucións, caso en que deberán establece-lo sistema e os criterios para fixalas pola asemblea, debendo figurar todo iso na memoria anual. En calquera caso, os conselleiros e os interventores serán compensados dos gastos que lles orixine a súa función.

Artigo 41. *Incompatibilidades, incapacidades e prohibicións.*

1. Non poderán ser conselleiros nin interventores:

a) Os altos cargos e demais persoas ó servizo das administracións públicas con funcións ó seu cargo que

se relacionen coas actividades das cooperativas en xeral ou coas da cooperativa de que se trate en particular, salvo que o sexan en representación, precisamente, do ente público no que presten os seus servizos.

b) Quen desempeñe ou exerza por conta propia ou allea actividades competitivas ou complementarias das da cooperativa, salvo que medie autorización expresa da asemblea xeral, en cada caso.

c) Os incapaces, de conformidade coa extensión e límites establecidos na sentenza de incapacitación.

Nas cooperativas integradas maioritariamente ou exclusivamente por minusválidos psíquicos, a súa falta de capacidade de obrar será suplida polos seus titores, de acordo co establecido nas disposicións legais vixentes, ós que se aplicará o réxime de incompatibilidades, incapacidades e prohibicións, así como o de responsabilidade, establecidos nesta lei.

d) Os quebrados e concursados non rehabilitados, os que se achen impedidos para o exercicio de emprego ou cargo público e aqueles que por razón do seu cargo non poidan exercer actividades económicas lucrativas.

e) Os que, como integrantes dos devanditos órganos, fosen sancionados, alomenos dúas veces, pola comisión de faltas graves ou moi graves por conculcaren a lexislación cooperativa. Esta prohibición estenderase a un período de tempo de cinco anos, contado desde a firmeza da última sanción.

2. Son incompatibles entre si os cargos de membros do consello rector, interventor e integrantes do comité de recursos. Esta incompatibilidade alcanzará tamén ó cónxuxe e parentes dos expresados cargos ata o segundo grao de consanguinidade ou de afinidade.

As expresadas causas de incompatibilidade relacionadas co parentesco non despregarán a súa eficacia cando o número de socios da cooperativa, no momento de elección do órgano correspondente, sexa tal que non existan socios nos que non concorran as citadas causas.

3. Ningún dos cargos anteriores poderá exercerse simultaneamente en máis de tres sociedades cooperativas de primeiro grao.

4. O conselleiro ou interventor que incorra nalgunha das prohibicións ou se encontre afectado por algunha das incapacidades ou incompatibilidades previstas neste artigo, será inmediatamente destituído a petición de calquera socio, sen prexuízo da responsabilidade en que poida incurrir pola súa conducta desleal. Nos supostos de incompatibilidade entre cargos, o afectado deberá optar por un deles no prazo de cinco días desde a elección para o segundo cargo e, se non o fixer, será nula a segunda designación.

Artigo 42. *Conflicto de intereses coa cooperativa.*

1. Será preciso o previo acordo da asemblea xeral cando a cooperativa deba obrigarse con calquera conselleiro, interventor ou con un dos seus parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, non podendo o socio incurso nesta situación de conflito tomar parte na correspondente votación. A autorización da asemblea non será necesaria cando se trate das relacións propias da condición de socio.

2. Os actos, contratos ou operacións realizados sen a mencionada autorización serán anulables, quedando a salvo os dereitos adquiridos de boa fe por terceiros.

Artigo 43. *Responsabilidade.*

A responsabilidade dos conselleiros e interventores por danos causados rexerese polo disposto para os administradores das sociedades anónimas, se ben os interventores non terán responsabilidade solidaria. O acordo

da asemblea xeral que decida sobre o exercicio da acción de responsabilidade requirirá maioría ordinaria, e poderá ser adoptado aínda que non figure na orde do día. En calquera momento a asemblea xeral poderá transixir ou renunciar ó exercicio da acción sempre que non se opoñan a iso socios que representen o cinco por cento dos votos sociais da cooperativa.

SECCIÓN 6.^a DO COMITÉ DE RECURSOS

Artigo 44. *Funcións e competencias.*

1. Os estatutos poderán preve-la creación dun comité de recursos, que tramitará e resolverá os recursos contra as sancións impostas ós socios —mesmo cando ostenten cargos sociais— polo consello rector, e nos demais supostos en que o estableza a presente lei ou os estatutos.

2. A composición e funcionamento do comité serán fixados nos estatutos e estará integrado por, alomenos, tres membros elixidos de entre os socios pola asemblea xeral en votación secreta. A duración do seu mandato fixarase estatutariamente e poderán ser reelixidos.

3. Os acordos do comité de recursos serán inmediatamente executivos e definitivos, e poderán ser impugnados conforme o establecido na presente lei como se fosen adoptados pola asemblea xeral.

4. Os membros do comité quedan sometidos ás causas de abstención e recusación aplicables ós xuíces e maxistrados. Os seus acordos, cando recaian sobre materia disciplinaria, adoptaranse mediante votación secreta e sen voto de calidade. Ademais, aplicaranse a este órgano as disposicións do artigo 34.3 e da sección 5.^a, se ben a posibilidade de retribución só a poderán establecer-los estatutos para os membros do citado comité que actúen como relatores.

CAPÍTULO V

Do réxime económico

SECCIÓN 1.^a DAS ACHEGAS SOCIAIS

Artigo 45. *Capital social.*

1. O capital social estará constituído polas achegas dos socios.

2. Os estatutos fixarán o capital social mínimo con que pode constituírse e funciona-la cooperativa, que deberá estar totalmente desembolsado desde a súa constitución.

3. Os estatutos fixarán a forma de acredita-las achegas ó capital social de cada un dos socios, así como as sucesivas variacións que estas experimenten, sen que poidan te-la consideración de títulos valores.

4. As achegas dos socios ó capital social realizaranse en moeda de curso legal. Non obstante, se o prevén os estatutos ou o acorda a asemblea xeral, tamén poderán consistir en bens e dereitos susceptibles de valoración económica. Neste caso, o consello rector deberá fixa-la súa valoración, logo de informe previo de un ou varios expertos independentes, designados polo devandito consello, sobre as características e o valor da achega e os criterios utilizados para calculalo, respondendo solidariamente os conselleiros, durante cinco anos, da realidade das ditas achegas e do valor que se lles atribuíse. Non obstante, se os estatutos o establecen, a valoración realizada polo consello rector deberá ser aprobada pola asemblea xeral.

No suposto de que se trate de achegas iniciais, unha vez constituído o consello rector deberá ratifica-la valoración asignada na forma establecida no parágrafo anterior.

En canto á entrega, saneamento e transmisión de riscos será de aplicación ás achegas non diñeirarias o disposto no artigo 39 da Lei de sociedades anónimas.

5. As achegas non diñeirarias non producen cesión ou traspaso ni sequera para os efectos da Lei de arrendamentos urbanos ou rústicos, senón que a sociedade cooperativa é continuadora na titularidade do ben ou dereito. O mesmo se entenderá respecto a nomes comerciais, marcas, patentes e outros títulos e dereitos que constituísen achegas ó capital social.

6. Nas cooperativas de primeiro grao o importe total das achegas de cada socio non poderá exceder dun tercio do capital social excepto cando se trate de sociedades cooperativas, entidades sen ánimo de lucro ou sociedades participadas maioritariamente por cooperativas. Para este tipo de socios terase en conta o que dispoñan os estatutos ou acorde a asemblea xeral.

7. Se a cooperativa anuncia en público a súa cifra de capital social, deberá referilo a data concreta e expresa-lo desembolsado, para a determinación do cal se restarán, se é o caso, as deducións realizadas sobre as achegas en satisfacción das perdas imputadas ós socios.

8. Se como consecuencia do reembolso das achegas ó capital social ou das deducións practicadas pola imputación de perdas ó socio, o dito capital social quedase por debaixo do importe mínimo fixado estatutariamente, a cooperativa deberá disolverse a menos que no prazo dun ano se reintegre ou se reduza o importe do seu capital social mínimo en contía suficiente.

As sociedades cooperativas para reduciren o seu capital social mínimo deberán adoptar pola asemblea xeral o acordo de modificación de estatutos que incorpore a conseguinte redución.

A redución será obrigada cando como consecuencia de perdas o seu patrimonio contable diminuíse por debaixo da cifra de capital social mínimo que se estableza nos seus estatutos e transcorrese un ano sen recupera-lo equilibrio.

Esta redución afectará ás achegas obrigatorias dos socios en proporción ó importe da achega obrigatoria mínima esixible a cada clase de socio no momento de adopción do acordo, segundo o previsto no artigo 46 desta lei. O balance que sirva de base para a adopción do acordo deberá referirse a unha data comprendida dentro dos seis meses inmediatamente anteriores ó acordo e estar aprobado pola devandita asemblea, logo da súa verificación polos auditores de contas da cooperativa cando esta estivese obrigada a verifica-las súas contas anuais e, se non o estiver, a verificación será realizada polo auditor de contas que para o efecto asigne o consello rector. O balance e a súa verificación incorporaranse á escritura pública de modificación de estatutos.

Se a redución do capital social mínimo estivese motivada polo reembolso das achegas ó socio que cause baixa, o acordo de redución non poderá levarse a efecto sen que transcorra un prazo de tres meses, contado desde a data que se notificase ós acredores.

A notificación farase persoalmente, e se iso non fose posible por descoñecemento do domicilio dos acredores, por medio de anuncios que deberán publicarse no «Boletín Oficial del Estado» e nun xornal de gran circulación na provincia do domicilio social da cooperativa.

Durante o dito prazo os acredores ordinarios poderán oporse á execución do acordo de redución se os seus créditos non son satisfeitos ou a sociedade non presta garantía.

Artigo 46. *Achegas obrigatorias.*

1. Os estatutos fixarán a achega obrigatoria mínima ó capital social para ser socio, que poderá ser diferente para as distintas clases de socios ou para cada socio en proporción ó compromiso ou uso potencial que cada un deles asuma da actividade cooperativizada.

2. A asemblea xeral poderá acordar-la esixencia de novas achegas obrigatorias. O socio que tivese desembolsadas achegas voluntarias poderá aplicarlas, en todo ou en parte, a cubri-las novas achegas obrigatorias acordadas pola asemblea xeral. O socio desconforme coa esixencia de novas achegas ó capital social poderá darse de baixa, que se cualificará como xustificada.

3. As achegas obrigatorias deberán desembolsarse, alomenos, nun 25 por 100 no momento da subscrición e o resto no prazo que establezan os estatutos ou a asemblea xeral.

4. Se pola imputación de perdas da cooperativa ós socios, a achega ó capital social dalgún deles quedase por debaixo do importe fixado como achega obrigatoria mínima para mante-la condición de socio, o socio afectado deberá realiza-la achega necesaria ata alcanza-lo devandito importe, para o cal será inmediatamente requirido polo consello rector, o cal fixará o prazo para efectua-lo desembolso, que non poderá ser inferior a dous meses nin superior a un ano.

5. O socio que non desembolse as achegas nos prazos previstos incorrerá en mora polo simple vencemento do prazo e deberá aboar á cooperativa o xuro legal pola cantidade debida e resarcila, se é o caso, dos danos e perdas causados pola morosidade.

6. O socio que incorra en mora poderá ser suspendido dos seus dereitos societarios ata que normalice a súa situación e se non realiza o desembolso no prazo fixado para iso, podería ser causa de expulsión da sociedade. En todo caso, a cooperativa poderá proceder xudicialmente contra o socio moroso.

7. Os socios que se incorporen con posterioridade á cooperativa deberán efectua-la achega obrigatoria ó capital social que teña establecida a asemblea xeral para adquirir tal condición, que poderá ser diferente para as distintas clases de socios en función dos criterios sinalados no punto 1 do presente artigo. O seu importe, para cada clase de socio, non poderá supera-lo valor actualizado, segundo o índice xeral de prezos ó consumo, das achegas obrigatorias inicial e sucesivas, efectuadas polo socio de maior antigüidade na cooperativa.

Artigo 47. *Achegas voluntarias.*

1. A asemblea xeral e, se os estatutos o prevén, o consello rector, poderá acordar-la admisión de achegas voluntarias ó capital social por parte dos socios, se ben a retribución que estableza non poderá ser superior á das últimas achegas voluntarias ó capital acordadas pola asemblea xeral ou, no seu defecto, á das achegas obrigatorias.

2. As achegas voluntarias deberán desembolsarse totalmente no momento da subscrición e terán o carácter de permanencia propio do capital social, do que pasan a formar parte.

3. O consello rector poderá decidir, a requirimento do seu titular, a conversión de achegas voluntarias en obrigatorias, así como a transformación de achegas obrigatorias en voluntarias cando aquelas deban reducirse para adecuarse ó potencial uso cooperativo do socio.

Artigo 48. *Remuneración das achegas.*

1. Os estatutos establecerán se as achegas obrigatorias ó capital social dan dereito ó devengo de xuros

pola parte efectivamente desembolsada, e no caso das achegas voluntarias será o acordo de admisión o que fixe esta remuneración ou o procedemento para determinala.

2. A remuneración das achegas ó capital social estará condicionada á existencia no exercicio económico de resultados positivos previos ó seu reparto, limitándose o importe máximo das retribucións ó citado resultado positivo e, en ningún caso, excederá en máis de seis puntos do xuro legal do diñeiro.

3. Na conta de resultados indicárase explicitamente o resultado antes de incorpora-las remuneracións a que se fixo referencia nos puntos anteriores, e o que se obtén unha vez computadas estas.

Artigo 49. *Actualización das achegas.*

1. O balance das cooperativas poderá ser actualizado nos mesmos termos e cos mesmos beneficios que se establezan para as sociedades de dereito común, mediante acordo da asemblea xeral, sen prexuízo do establecido na presente lei sobre o destino da plusvalía resultante da actualización.

2. Unha vez que se cumpran os requisitos esixidos para a dispoñibilidade da plusvalía resultante, esta será destinada pola cooperativa, nun ou máis exercicios, conforme o previsto nos estatutos ou, no seu defecto, por acordo da asemblea xeral, á actualización do valor das achegas ó capital social dos socios ou ó incremento dos fondos de reserva, obrigatorios ou voluntarios, na proporción que se estime conveniente, respectando, en todo caso, as limitacións que en canto a dispoñibilidade estableza a normativa reguladora sobre actualización de balances. Non obstante, cando a cooperativa teña perdas sen compensar, a dita plusvalía aplicarase, en primeiro lugar, á compensación delas e, o resto, ós destinos sinalados anteriormente.

Artigo 50. *Transmisión das achegas.*

As achegas poderán transmitirse:

a) Por actos «inter vivos», unicamente a outros socios da cooperativa e a quen adquira tal calidade dentro dos tres meses seguintes á transmisión, que, neste caso, queda condicionada ó cumprimento do devandito requisito. En todo caso deberá respectarse o límite imposto no artigo 45.6 desta lei.

b) Por sucesión «mortis causa», ós habentes causa se fosen socios e así o solicitan, ou, se non o fosen, logo da admisión como tales realizada de conformidade co disposto no artigo 13 da presente lei, que deberá solicitarse no prazo de seis meses desde o falecemento. Noutro caso, terán dereito á liquidación do crédito correspondente á achega social.

Artigo 51. *Reembolso das achegas.*

1. Os estatutos regularán o dereito dos socios ó reembolso das súas achegas ó capital social en caso de baixa na cooperativa. A liquidación destas achegas farase segundo o balance de cerramento do exercicio no que se produza a baixa, sen que se poidan efectuar deducións, salvo as sinaladas nos puntos 2 e 3 deste artigo.

2. Do valor acreditado das achegas deduciranse as perdas imputadas e imputables ó socio, reflectidas no balance de cerramento do exercicio no que se produza a baixa, xa correspondan ó dito exercicio ou proveñan doutros anteriores e estean sen compensar. O consello rector terá un prazo de tres meses desde a data da aprobación das contas do exercicio no que causou baixa

o socio para proceder a efectua-lo cálculo do importe a retornar das súas achegas ó capital social, que lle deberá ser comunicado. O socio desconforme co resultado do dito acordo poderá impugnaloo polo mesmo procedemento previsto no artigo 17.5 ou, se é o caso, o que establezan os estatutos.

3. No caso de baixa non xustificada por incumprimento do período de permanencia mínimo, a que se fai referencia no artigo 17.3 da presente lei, poderase establecer unha deducción sobre o importe resultante da liquidación das achegas obrigatorias, unha vez efectuados os axustes sinalados no punto anterior. Os estatutos fixarán a porcentaxe que se deducirá, sen que esta poida supera-lo trinta por cento.

4. O prazo de reembolso non poderá exceder de cinco anos a partir da data da baixa. En caso de falecemento do socio, o reembolso ós habentes causa deberá realizarse nun prazo non superior a un ano desde o feito causante.

5. As cantidades pendentes de reembolso non serán susceptibles de actualización, pero darán dereito a percibi-lo xuro legal do diñeiro, que deberá aboarse anualmente xunto con, alomenos, unha quinta parte da cantidade que se reembolse.

Artigo 52. *Achegas que non forman parte do capital social.*

1. Os estatutos ou a asemblea xeral poderán establecer cotas de ingresos e/ou periódicas que non integrarán o capital social nin serán reintegrables. Estas cotas poderán ser diferentes para as distintas clases de socios previstas nesta lei, en función da súa natureza física ou xurídica, ou, para cada socio, en proporción ó seu respectivo compromiso ou uso potencial de actividade cooperativizada.

2. O importe das cotas de ingreso dos novos socios non poderá ser superior ó 25 por 100 do importe da achega obrigatoria ó capital social que se lle esixa para o seu ingreso na cooperativa.

3. Os bens de calquera tipo entregados polos socios para a xestión cooperativa e, en xeral, os pagamentos para a obtención dos servizos cooperativizados, non integran o capital social e están suxeitos ás condicións fixadas e contratadas coa sociedade cooperativa.

Artigo 53. *Participacións especiais.*

1. Os estatutos poderán preve-la posibilidade de captar recursos financeiros de socios ou terceiros, co carácter de subordinados e cun prazo mínimo de vencemento de cinco anos. Cando o vencemento destas participacións non teña lugar ata a aprobación da liquidación da cooperativa, terán a consideración de capital social. Non obstante, os citados recursos poderán ser reembolsables, a criterio da sociedade, seguindo o procedemento establecido para a redución de capital por restitución de achegas na lexislación para as sociedades de responsabilidade limitada.

2. Estas participacións especiais poderán ser libremente transmisibles. A súa emisión en serie requirirá acordo da asemblea xeral no que se fixarán as cláusulas de emisión e, se é o caso, o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa reguladora do mercado de valores.

3. Para as cooperativas de crédito e de seguros o establecido neste artigo só será de aplicación cando a súa normativa reguladora non o impida.

Artigo 54. *Outros financiamentos.*

1. As cooperativas, por acordo da asemblea xeral, poderán emitir obrigas, que se axustarán en canto ó seu réxime ó disposto na lexislación aplicable. Así mesmo, a asemblea xeral poderá acordar, cando se trate de emisións en serie, a admisión de financiamento voluntario dos socios ou de terceiros non socios baixo calquera modalidade xurídica e cos prazos e condicións que se establezan.

2. A asemblea xeral poderá acorda-la emisión de títulos participativos, que poderán te-la consideración de valores mobiliarios, e darán dereito á remuneración que se estableza no momento da emisión, e que deberá estar en función da evolución da actividade da cooperativa, podendo, ademais, incorporar un xuro fixo.

O acordo de emisión, que concretará o prazo de amortización e as demais normas de aplicación, poderá establece-lo dereito de asistencia dos seus titulares á asemblea xeral, con voz e sen voto.

3. Tamén poderán contratarse contas en participación, co réxime que establece o Código de comercio.

SECCIÓN 2.^a FONDOS SOCIAIS OBRIGATORIOS

Artigo 55. *Fondo de reserva obrigatorio.*

1. O fondo de reserva obrigatorio destinado á consolidación, desenvolvemento e garantía da cooperativa, é irrepertible entre os socios.

O fondo de reserva obrigatorio destinaranse necesariamente:

a) As porcentaxes dos excedentes cooperativos e dos beneficios extracooperativos e extraordinarios que establezan os estatutos ou fixe a asemblea xeral, de acordo co disposto no artigo 58 desta lei ou a porcentaxe dos resultados, caso de opta-la cooperativa pola contabilización separada dos resultados cooperativos dos extracooperativos, recollida no artigo 57.4 desta lei.

b) As deduccións sobre as achegas obrigatorias ó capital social na baixa non xustificada de socios.

c) As cotas de ingreso dos socios cando estean previstas nos estatutos ou as estableza a asemblea xeral.

d) Os resultados das operacións reguladas no artigo 79.3 desta lei.

2. Con independencia do fondo de reserva obrigatorio, a cooperativa deberá constituír e dota-los fondos que, pola normativa que lle resulte de aplicación, se establezan con carácter obrigatorio en función da súa actividade ou cualificación.

Artigo 56. *Fondo de educación e promoción.*

1. O fondo de educación e promoción destinarase, en aplicación das liñas básicas fixadas polos estatutos ou a asemblea xeral, a actividades que cumpran algunha das seguintes finalidades:

a) A formación e educación dos seus socios e traballadores nos principios e valores cooperativos, ou en materias específicas da súa actividade societaria ou laboral e demais actividades cooperativas.

b) A difusión do cooperativismo, así como a promoción das relacións intercooperativas.

c) A promoción cultural, profesional e asistencial do contorno local ou da comunidade en xeral, así como a mellora da calidade de vida e do desenvolvemento comunitario e as accións de protección ambiental.

2. Para o cumprimento dos fins deste fondo poderase colaborar con outras sociedades e entidades, podendo achegar, total ou parcialmente, a súa dotación.

3. O informe de xestión recollerá con detalle as cantidades que con cargo ó devandito fondo se destinasen ós fins deste, con indicación do labor realizado e, se é o caso, mención das sociedades ou entidades ás que se remitiron para o cumprimento dos devanditos fins.

4. Destinarase necesariamente ó fondo de educación e promoción:

a) As porcentaxes dos excedentes cooperativos ou dos resultados que establezan os estatutos ou fixe a asemblea xeral recollidos no artigo 58.1 desta lei.

b) As sancións económicas que impoña a cooperativa ós seus socios.

5. O fondo de educación e promoción é inembargable e irrepatriable entre os socios, incluso no caso de liquidación da cooperativa, e as súas dotacións deberán figurar no pasivo do balance con separación doutras partidas.

6. O importe do fondo que non se aplicase ou comprometése deberá materializarse dentro do exercicio económico seguinte a aquel en que se efectuase a dotación, en contas de aforro, en títulos da débeda pública ou títulos de débeda pública emitidos polas comunidades autónomas, e os rendementos financeiros aplicaranse ó mesmo fin. Os devanditos depósitos ou títulos non poderán ser peñorados nin afectados a préstamos ou contas de crédito.

SECCIÓN 3.^a EXERCICIO ECONÓMICO

Artigo 57. *Exercicio económico e determinación de resultados.*

1. O exercicio económico terá unha duración de doce meses, salvo nos casos de constitución, extinción ou fusión da sociedade, e coincidirá co ano natural se os estatutos non dispoñen o contrario.

2. A determinación dos resultados do exercicio económico levarase a cabo conforme a normativa xeral contable, considerando, non obstante, tamén como gastos as seguintes partidas:

a) O importe dos bens entregados polos socios para a xestión cooperativa, en valoración non superior ós prezos reais de liquidación, e o importe dos anticipos societarios ós socios traballadores ou de traballo, imputándose no período en que se produza a prestación de traballo.

b) A remuneración das achegas ó capital social, participacións especiais, obrigas, créditos de acredores e investimentos financeiros de todo tipo captados pola cooperativa, sexa a devandita retribución fixa, variable ou participativa.

3. Figurarán en contabilidade separadamente os resultados extracooperativos derivados das operacións pola actividade cooperativizada realizada con terceiros non socios, os obtidos de actividades económicas ou fontes alleas ós fins específicos da cooperativa, así como os derivados de investimentos ou participacións financeiras en sociedades, ou os extraordinarios procedentes de plusvalías que resulten de operacións de alleamento dos elementos do activo inmovilizado, coas seguintes excepcións:

a) Os derivados de ingresos procedentes de investimentos ou participacións financeiras en sociedades cooperativas, ou en sociedades non cooperativas cando estas realicen actividades preparatorias, complementarias ou subordinadas ás da propia cooperativa, que se consideran para tódolos efectos resultados cooperativos.

b) As plusvalías obtidas polo alleamento de elementos do inmovilizado material destinados ó cumprimento

do fin social, cando se reinvesta a totalidade do seu importe en novos elementos do inmovilizado, con idéntico destino, dentro do prazo comprendido entre o ano anterior á data da entrega ou posta a disposición do elemento patrimonial e os tres anos posteriores, sempre que permanezan no seu patrimonio, salvo perdas xustificadas, ata que finalice o seu período de amortización.

Para a determinación dos resultados extracooperativos imputarase ós ingresos derivados destas operacións, ademais dos gastos específicos necesarios para a súa obtención, a parte que, segundo criterios de imputación fundados, corresponda dos gastos xerais da cooperativa.

4. Non obstante o anterior, a cooperativa poderá optar nos seus estatutos pola non-contabilización separada dos resultados extracooperativos.

5. As cooperativas cualificadas como entidades sen ánimo de lucro poderán crear unha reserva estatutaria irrepatriable á que se destinarán o resto de resultados positivos e que terá por finalidade necesariamente o reinvestimento na consolidación e mellora dos servizos da cooperativa e á que se lle poderán imputar a totalidade das perdas conforme o establecido no artigo 59.2.a).

Artigo 58. *Aplicación dos excedentes.*

1. Dos excedentes contabilizados para a determinación do resultado cooperativo, unha vez deducidas as perdas de calquera natureza de exercicios anteriores e antes da consideración do imposto de sociedades, destinarase, alomenos, o 20 por 100 ó fondo de reserva obrigatorio e o 5 por 100 ó fondo de educación e promoción.

2. Dos beneficios extracooperativos e extraordinarios, unha vez deducidas as perdas de calquera natureza de exercicios anteriores e antes da consideración do imposto de sociedades, destinarase alomenos un 50 por 100 ó fondo de reserva obrigatorio.

3. Os excedentes e beneficios extracooperativos e extraordinarios dispoñibles, unha vez satisfeitos os impostos esixibles, aplicaranse, conforme establezan os estatutos ou acorde a asemblea xeral en cada exercicio, a retorno cooperativo ós socios, a dotación a fondos de reserva voluntarios con carácter irrepatriable ou reparatible, ou a incrementalos fondos obrigatorios que se prevén nos artigos 55 e 56 desta lei.

4. O retorno cooperativo acreditarase ós socios en proporción ás actividades cooperativizadas realizadas por cada socio coa cooperativa. Os estatutos ou, no seu defecto, a asemblea xeral, por máis da metade dos votos validamente expresados, fixarán a forma de facer efectivo o retorno cooperativo acreditado a cada socio.

5. A cooperativa poderá recoñecer e concretar nos seus estatutos, ou por acordo da asemblea xeral, o dereito dos seus traballadores asalariados a percibiren unha retribución, con carácter anual, na contía que se fixará en función dos resultados do exercicio económico. Esta retribución terá carácter salarial e será compensable co complemento de similar natureza establecido, se é o caso, na normativa laboral aplicable, salvo que fose inferior ó devandito complemento, caso en que se aplicará este último.

Artigo 59. *Imputación de perdas.*

1. Os estatutos deberán fixar os criterios para a compensación das perdas, sendo válido imputalas a unha conta especial para a súa amortización con cargo a futuros resultados positivos, dentro do prazo máximo de sete anos.

2. Na compensación de perdas a cooperativa deberá suxeitarse ás seguintes regras:

a) Os fondos de reserva voluntarios, de existiren, poderá imputarse a totalidade das perdas.

b) O fondo de reserva obrigatorio poderán imputarse, como máximo, dependendo da orixe das perdas, as porcentaxes medias dos excedentes cooperativos ou beneficios extracooperativos e extraordinarios que se destinasen ó devandito fondo nos últimos cinco anos ou desde a súa constitución, se esta non fose anterior ós ditos cinco anos.

c) A contía non compensada cos fondos obrigatorios e voluntarios imputarase ós socios en proporción ás operacións, servicios ou actividades realizadas por cada un deles coa cooperativa. Se estas operacións ou servicios realizados fosen inferiores ós que como mínimo está obrigado a realiza-lo socio conforme o establecido no artigo 15.2.b), a imputación das referidas perdas efectuarase en proporción á actividade cooperativizada mínima obrigatoria.

3. As perdas imputadas a cada socio satisfaranse dalgunha das formas seguintes:

a) O socio poderá optar entre o seu aboamento directo ou mediante deducións nas súas achegas ó capital social ou, se é o caso, en calquera investimento financeiro do socio na cooperativa que permita esta imputación, dentro do exercicio seguinte a aquel en que se produce.

b) Con cargo ós retornos que poidan corresponder ó socio nos sete anos seguintes, se así o acorda a asemblea xeral. Se quedasen perdas sen compensar, transcorrido o devandito período, estas deberán ser satisfeitas polo socio no prazo máximo dun mes a partir do requirimento expreso formulado polo consello rector.

CAPÍTULO VI

Da documentación social e contabilidade

Artigo 60. *Documentación social.*

1. As cooperativas levarán, en orde e ó día, os seguintes libros:

- a) Libro rexistro de socios.
- b) Libro rexistro de achegas ó capital social.
- c) Libros de actas da asemblea xeral, do consello rector, dos liquidadores e, de se-lo caso, do comité de recursos e das xuntas preparatorias.
- d) Libro de inventarios e contas anuais e libro diario.
- e) Calquera outro que veña esixido por disposicións legais.

2. Tódolos libros sociais e contables serán dilixenciados e legalizados, con carácter previo á súa utilización, polo Rexistro de Sociedades Cooperativas.

3. Tamén son válidos os asentos e as anotacións realizados por procedementos informáticos ou por outros procedementos adecuados, que posteriormente serán encadernados correlativamente para forma-los libros obrigatorios, os cales serán legalizados polo Rexistro de Sociedades Cooperativas no prazo de catro meses desde a data de cerramento do exercicio.

4. Os libros e demais documentos da cooperativa estarán baixo a custodia, vixilancia e responsabilidade do consello rector, que deberá conservalos, alomenos, durante os seis anos seguintes á transcrición da última acta ou asento ou á extinción dos dereitos ou obrigas que conteñan, respectivamente.

Artigo 61. *Contabilidade e contas anuais.*

1. As cooperativas deberán levar unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade conforme o establecido no Código de comercio e na normativa contable, coas peculiaridades contidas nesta lei e normas que a desenvolvan, podendo formula-las contas anuais en modelo abreviado cando concorran as mesmas circunstancias contidas nos artigos 181 e 190 da Lei de sociedades anónimas.

2. O consello rector está obrigado a formular, nun prazo máximo de tres meses computados a partir da data do cerramento do exercicio social, establecida estatutariamente, as contas anuais, o informe de xestión e unha proposta de aplicación dos excedentes dispoñibles ou de imputación de perdas.

3. O informe de xestión tamén recollerá as variacións habidas no número de socios.

4. O consello rector presentará para o seu depósito no Rexistro de Sociedades Cooperativas, no prazo dun mes desde a súa aprobación, certificación dos acordos da asemblea xeral de aprobación das contas anuais e de aplicación dos excedentes e/ou imputación das perdas, se é o caso, xuntando un exemplar de cada unha das devanditas contas así como do informe de xestión e do informe dos auditores, cando a sociedade estea obrigada a auditoría, ou esta se practicase por petición da minoría. Se algunha ou varias das contas anuais se formulase en forma abreviada, farase constar así na certificación, con expresión da causa.

Artigo 62. *Auditoría de contas.*

1. As sociedades cooperativas estarán obrigadas a audita-las súas contas anuais e o informe de xestión na forma e nos supostos previstos na Lei de auditoría de contas e as súas normas de desenvolvemento ou por calquera outra norma legal de aplicación, así como cando o establezan os estatutos ou o acorde a asemblea xeral.

2. Se a cooperativa non está obrigada a audita-las súas contas anuais, o cinco por cento dos socios poderá solicitar do Rexistro de Sociedades Cooperativas que, con cargo á sociedade, nomee un auditor de contas para que efectúe a revisión de contas anuais dun determinado exercicio, sempre que non transcorresen tres meses contados desde a data de cerramento do devandito exercicio.

3. A designación dos auditores de contas corresponde á asemblea xeral e deberá realizarse antes de que finalice o exercicio que se vai auditar. O nomeamento dos auditores deberá facerse por un período de tempo determinado que non poderá ser inferior a tres anos nin superior a nove, contando desde a data en que se inicie o primeiro exercicio que se vai auditar. Poderán ser reelixidos pola asemblea xeral anualmente unha vez finalizado o período inicial. Non obstante, cando a asemblea xeral non nomease oportunamente os auditores, ou no suposto de falta de aceptación, renuncia ou outros que determinen a imposibilidade de que o auditor nomeado leve a cabo o seu cometido, o consello rector e os restantes lexitimados para solicita-la auditoría poderán pedir ó Rexistro de Cooperativas que nomee un auditor para que efectúe a revisión das contas anuais dun determinado exercicio.

4. Una vez nomeado o auditor, non se poderá proceder á revogación do seu nomeamento, salvo por xusta causa.

CAPÍTULO VII

Da fusión, escisión e transformación

SECCIÓN 1.^a DA FUSIÓNArtigo 63. *Fusión.*

1. Será posible a fusión de sociedades cooperativas nunha nova ou a absorción dunha ou máis por outra cooperativa xa existente.

2. As sociedades cooperativas en liquidación poderán participar nunha fusión, sempre que non comezase o reembolso das achegas do capital social.

3. As sociedades cooperativas que se fusionen nunha nova, ou que sexan absorbidas por outra xa existente, quedarán disoltas, aínda que non entrarán en liquidación, e os seus patrimonios e socios pasarán á sociedade nova ou absorbente, que asumirá os dereitos e obrigas das sociedades disoltas. Os fondos sociais, obrigatorios ou voluntarios, das sociedades disoltas pasarán a integrarse nos de igual clase da sociedade cooperativa nova ou absorbente.

4. Os consellos rectores das cooperativas que participan na fusión deberán redactar un proxecto de fusión, que deberán subscribir como convenio previo e conterá alomenos as mencións seguintes:

a) A denominación, clase e domicilio das cooperativas que participen na fusión e da nova cooperativa se é o caso, así como os datos identificadores da inscrición daquelas nos rexistros de cooperativas correspondentes.

b) O sistema para fixa-la contía que se recoñece a cada socio das cooperativas que se extingan como achega ó capital da cooperativa nova ou absorbente computando, cando existan, as reservas voluntarias de carácter repartible.

c) Os dereitos e obrigas que se recoñezan ós socios da cooperativa extinguida na cooperativa nova ou absorbente.

d) A data a partir da cal as operacións das cooperativas que se extingan deberán considerarse realizadas, para efectos contables, por conta da cooperativa nova ou absorbente.

e) Os dereitos que correspondan ós titulares de participacións especiais, títulos participativos ou outros títulos asimilables das cooperativas que se extingan na cooperativa nova ou absorbente.

5. Aprobado o proxecto de fusión, os administradores das cooperativas que se fusionen absteranse de realizar calquera acto ou subscribir calquera contrato que puidese obstaculiza-la aprobación do proxecto ou modificar substancialmente a proporción da participación dos socios das cooperativas extinguidas na nova ou absorbente.

6. O proxecto quedará sen efecto se a fusión non queda aprobada por tódalas cooperativas que participen nela nun prazo de seis meses desde a data do proxecto.

7. O publica-la convocatoria da asemblea xeral que deba aproba-la fusión deberán pórse á disposición dos socios, no domicilio social, os seguintes documentos:

a) O proxecto de fusión.

b) Os informes, redactados polos consellos rectores de cada unha das cooperativas sobre a conveniencia e efectos da fusión proxectada.

c) O balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria explicativa dos tres últimos exercicios das cooperativas que participen na fusión e, se é o caso, os informes de xestión e dos auditores de contas.

d) O balance de fusión de cada unha das cooperativas cando sexa distinto do último anual aprobado. Poderá considerarse balance de fusión o último balance anual aprobado, sempre que fose cerrado dentro dos seis meses anteriores á data de celebración da asemblea que ten que resolver sobre a fusión.

e) O proxecto de estatutos da nova cooperativa ou o texto íntegro das modificacións que deban introducirse nos estatutos da cooperativa absorbente.

f) Os estatutos vixentes de tódalas cooperativas que participen na fusión.

g) A relación de nomes, apelidos, idade, se son persoas físicas, ou a denominación ou razón social se son persoas xurídicas, e en ámbolos casos a nacionalidade e o domicilio dos conselleiros das sociedades que participan na fusión e a data desde a que desempeñan os seus cargos e, se é o caso, as mesmas indicacións daqueles que vaian ser propostos como conselleiros como consecuencia da fusión.

Artigo 64. *Acordo de fusión.*

1. O acordo de fusión deberá ser adoptado en asemblea xeral por cada unha das sociedades que se fusionen, pola maioría dos dous tercios dos votos presentes e representados, axustándose a convocatoria ós requisitos legais e estatutarios.

2. O acordo de fusión de cada unha das cooperativas, unha vez adoptado, publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e nun xornal de gran circulación na provincia do domicilio social.

3. Desde o momento en que o acordo de fusión sexa aprobado pola asemblea xeral de cada unha das cooperativas, todas elas quedan obrigadas a continuar-lo procedemento de fusión.

4. A formalización dos acordos de fusión farase mediante escritura pública e esta terá eficacia, no Rexistro de Sociedades Cooperativas, para a cancelación das sociedades que se extinguen e a inscrición da novamente constituída ou modificacións da absorbente.

Artigo 65. *Dereito de separación do socio.*

1. Os socios das cooperativas que se fusionen e que non votasen a favor terán dereito a separarse da súa cooperativa, mediante escrito dirixido ó presidente do consello rector, no prazo de corenta días desde a publicación do anuncio do acordo, segundo o previsto nesta lei.

2. A cooperativa resultante da fusión asumirá a obriga da liquidación das achegas ó socio desconforme, no prazo regulado nesta lei, para o caso de baixa xustificada e segundo o establecesen os estatutos da cooperativa de que era socio.

Artigo 66. *Dereito de oposición dos acredores.*

A fusión non poderá realizarse antes de que transcorran dous meses desde a publicación do anuncio do acordo de fusión. Durante este prazo, os acredores ordinarios de calquera das sociedades, se os seus créditos naceron antes do último anuncio de fusión, e non están adecuadamente garantidos, poderán oporse por escrito á fusión, caso en que esta non poderá levarse a efecto se os seus créditos non son enteiramente satisfeitos ou suficientemente garantidos. Os acredores non poderán oporse ó pagamento aínda que se trate de créditos non vencidos.

Na escritura de fusión os outorgantes deberán manifestar expresamente que non se produciu ningunha oposición de acredores con dereito a ela ou, de ter existido, manifestar que foron pagados ou garantidos os seus créditos, con identificación neste caso dos acredores, os créditos e as garantías prestadas.

Artigo 67. *Fusión especial.*

As sociedades cooperativas poderán fusionarse con sociedades civís ou mercantís de calquera clase, sempre que non exista unha norma legal que o prohiba.

Nestas fusionés, será de aplicación a normativa reguladora da sociedade absorbente ou que se constitúa como consecuencia da fusión, pero en canto á adopción do acordo e as garantías dos dereitos de socios e acredores das cooperativas participantes, observarase o disposto nos artigos 64, 65 e 66 da presente lei. Se a entidade resultante da fusión non fose unha sociedade cooperativa, a liquidación das súas achegas ó socio que exercite o dereito de separación deberá ter lugar dentro do mes seguinte á data en que faga uso del. Mentres non se paguen estas liquidacións, non poderá formalizarse a fusión.

En canto ó destino do fondo de educación e promoción, fondo de reserva obrigatorio e fondo de reserva voluntario que estatutariamente teña carácter de irrepensible, observarase o disposto no artigo 75 desta lei para o caso de liquidación.

SECCIÓN 2.^a DA ESCISIÓN

Artigo 68. *Escisión.*

1. A escisión da cooperativa poderá consistir na extinción desta, sen liquidación previa, mediante a división do seu patrimonio e do colectivo de socios en dúas ou máis partes. Cada unha destas traspasarase en bloque ás cooperativas de nova creación ou será absorbida por outras xa existentes ou integrarase coas partes escindidas doutras cooperativas nunha de nova creación. Nestes dous últimos casos denominarase escisión-fusión.

2. Tamén poderá consistir na segregación dunha ou máis partes do patrimonio e do colectivo de socios dunha cooperativa, sen a disolución desta, traspasándose en bloque o segregado a outras cooperativas de nova creación ou xa existentes.

3. O proxecto de escisión, subscrito polos conselleiros das cooperativas participantes, deberá conter unha proposta detallada da parte do patrimonio e dos socios que vaian transferirse ás cooperativas resultantes ou absorbentes.

4. En defecto de cumprimento por unha cooperativa beneficiaria dunha obriga asumida por ela, en virtude da escisión, responderán solidariamente do seu cumprimento restantes cooperativas beneficiarias do activo neto atribuído na escisión a cada unha delas. Se a cooperativa escindida non deixou de existir como consecuencia da escisión, será responsable a propia cooperativa escindida pola totalidade da obriga.

5. A escisión de cooperativas rexerese, coas particularidades contidas nos números anteriores, polas normas reguladoras da fusión, no que sexan aplicables, e os socios e acredores das cooperativas participantes poderán exercer os mesmos dereitos.

SECCIÓN 3.^a DA TRANSFORMACIÓN

Artigo 69. *Transformación.*

1. Calquera asociación ou sociedade que non teña carácter cooperativo e as agrupacións de interese eco-

nómico poderán transformarse nunha sociedade cooperativa sempre que, se é o caso, se cumpran os requisitos da lexislación sectorial e que os respectivos membros daquelas poidan asumir a posición de cooperadores en relación co obxecto social previsto para a entidade resultante da transformación. Así mesmo, as sociedades cooperativas poderán transformarse en sociedades civís ou mercantís de calquera clase. En ningún caso se verá afectada a personalidade xurídica da entidade transformada.

2. O acordo de transformación dunha sociedade cooperativa deberá ser adoptado pola asemblea xeral, nos termos e coas condicións establecidos nesta lei e nos estatutos para a fusión. Os seus socios gozarán do dereito de separación nos termos previstos para o caso de fusión e de reintegro das súas achegas no prazo establecido no artigo 65. A participación dos socios da cooperativa no capital social da nova entidade terá que ser proporcional ó que tiñan naquela. Emporiso, o acordo de transformación nalgún tipo de entidade das débedas da cal respondan persoalmente os socios, tan só producirá efectos respecto dos que votasen a favor do acordo.

3. A transformación en sociedade cooperativa doutra sociedade ou agrupación de interese económico preexistente formalizarase en escritura pública que deberá conter-lo acordo correspondente, as mencións esixidas no artigo 10.1.g), h) e i), o balance da entidade transformada cerrado o día anterior á adopción do acordo, a relación de socios que se integran na cooperativa e a súa participación no capital social, sen prexuízo dos que esixa a normativa pola que se rexía a entidade transformada.

4. Se a sociedade que se transforma está inscrita no Rexistro Mercantil, para a inscrición no Rexistro de Sociedades Cooperativas da escritura de transformación, deberá constar na mesma nota daquel a inexistencia de obstáculos para a transformación e de terse estendido dilixencia de cerramento provisional da súa folla, xuntándose certificación na que conste a transcripción literal dos asentos que deban quedar viventes.

5. A transformación en sociedade cooperativa non libera os socios da súa responsabilidade persoal polas débedas contraídas con anterioridade ó acordo, salvo consentimento expreso á transformación polos acredores. Os socios que como consecuencia da transformación pasen a responder persoalmente das débedas sociais, responderán de igual forma das débedas anteriores da sociedade cooperativa.

6. No suposto de transformación dunha sociedade cooperativa noutro tipo de entidade, os saldos dos fondos de reserva obrigatorios, o fondo de educación e calquera outro fondo ou reservas que estatutariamente non sexan repartibles entre os socios, recibirán o destino previsto no artigo 75 desta lei para o caso de liquidación da cooperativa.

CAPÍTULO VIII

Da disolución e liquidación

SECCIÓN 1.^a DA DISOLUCIÓN

Artigo 70. *Disolución.*

1. A sociedade cooperativa disolverase:

- a) Polo cumprimento do prazo fixado nos estatutos.
- b) Por acordo da asemblea xeral, adoptado por maioría dos dous tercios dos socios presentes e representados.
- c) Pola paralización dos órganos sociais ou da actividade cooperativizada durante dous anos, sen causa

xustificada, de tal modo que imposibilite o seu funcionamento.

d) Pola redución do número de socios por debaixo dos mínimos establecidos na presente lei ou do capital social por debaixo do mínimo establecido estatutariamente, sen que se restablezan no prazo dun ano.

e) Pola realización do obxecto social ou a imposibilidade do seu cumprimento.

f) Por fusión, absorción ou escisión total.

g) Por calquera outra causa establecida na lei ou nos estatutos.

2. Transcorrido o termo de duración da sociedade, esta disolverase de pleno dereito, a non ser que con anterioridade fose expresamente prorrogada e inscrita a prórroga no Rexistro de Sociedades Cooperativas.

3. Cando concorra calquera dos supostos c), d), e) ou g) do punto 1, o consello rector deberá convocar-la asemblea xeral, no prazo dun mes desde que constate a súa existencia, para a adopción do acordo de disolución. Calquera socio poderá requirir-lo consello rector para que efectúe aquela convocatoria se, a xuízo seu, existe causa lexítima de disolución. Para a adopción do acordo será suficiente a maioría simple de votos salvo que os estatutos esixan outra maior.

Se non se convocase a asemblea ou esta non lograse o acordo de disolución, calquera interesado poderá solicitar-la disolución xudicial da cooperativa.

4. O acordo de disolución elevado a escritura pública ou, se é o caso, a resolución xudicial ou administrativa, inscribirase no Rexistro de Sociedades Cooperativas e deberá publicarse nun dos xornais de maior circulación da provincia do domicilio social.

5. No suposto b) do número 1 deste artigo e se cesou a causa que o motivou, a sociedade en liquidación poderá ser reactivada, sempre que non comezase o reembolso das achegas ós socios. O acordo de reactivación deberá ser adoptado pola asemblea xeral por unha maioría de dous tercios de votos presentes ou representados, e non será eficaz ata que non se eleve a escritura pública e se inscriba no Rexistro de Sociedades Cooperativas.

SECCIÓN 2.^a DA LIQUIDACIÓN

Artigo 71. *Liquidación.*

1. Disolta a sociedade, abrírase o período de liquidación, excepto nos supostos de fusión, absorción ou escisión. Se os estatutos non prevén a quen lle corresponde realiza-las tarefas de liquidación, a asemblea xeral designará entre os socios, en votación secreta e por maioría de votos, os liquidadores, en número impar. O seu nomeamento non producirá efecto ata o momento da súa aceptación e deberá inscribirse no Rexistro de Sociedades Cooperativas.

2. Cando os liquidadores sexan tres ou máis, actuarán en forma colexiada e adoptarán os acordos por maioría.

3. Transcorridos dous meses desde a disolución sen estar efectuado o nomeamento de liquidadores, o consello rector ou calquera socio poderá solicitar do xuíz de primeira instancia a súa designación, que poderá recaer en persoas non socios, efectuándose o nomeamento no prazo dun mes.

Ata o nomeamento dos liquidadores, o consello rector continuará nas funcións xestoras e representativas da sociedade.

4. Designados os liquidadores, o consello rector subscibirá con aqueles o inventario e balance da sociedade,

referidos ó día en que se inicie a liquidación e antes de que os liquidadores comecen as súas operacións.

5. Durante o período de liquidación, manteranse as convocatorias e reunións de asembleas xerais, que serán convocadas polos liquidadores, que as presidirán e darán conta da marcha da liquidación.

Artigo 72. *Intervención da liquidación.*

A designación de interventor que fiscalice as operacións de liquidación pode ser solicitada polo 20 por cento dos votos sociais, ó xuíz de primeira instancia do domicilio social da cooperativa.

Artigo 73. *Funcións dos liquidadores.*

Incumbe ós liquidadores:

1. Levar e custodiar os libros e a correspondencia da cooperativa e velar pola integridade do seu patrimonio.

2. Realiza-las operacións pendentes e as novas que sexan necesarias para a liquidación da cooperativa, incluído o alleamento dos bens.

3. Reclamar e percibir os créditos pendentes, sexa contra os terceiros ou contra os socios.

4. Concertar transaccións e compromisos cando así conveña ós intereses sociais.

5. Pagar ós acredores e socios, transferir a quen corresponda o fondo de educación e promoción e o sobrante do haber líquido da cooperativa, aténdose ás normas que se establecen no artigo 75 desta lei.

6. Exerce-la representación da cooperativa en xuízo e fóra del para o cumprimento das funcións que teñen encomendadas.

7. En caso de insolvencia da sociedade deberán solicitar, no prazo de dez días a partir daquel en que se faga patente esta situación, a declaración de suspensión de pagamentos ou a de quebra, segundo proceda.

Artigo 74. *Balance final.*

1. Finalizadas as operacións de liquidación, os liquidadores someterán á aprobación da asemblea xeral un balance final, un informe de xestión sobre as devanditas operacións e un proxecto de distribución do activo sobrante, que deberán censurar previamente os interventores da liquidación, no caso de estaren nomeados.

2. O balance final e o proxecto de distribución deberán ser publicados nun dos xornais de maior circulación da provincia do domicilio social. Os ditos balance e proxecto poderán ser impugnados no prazo de corenta días contado desde a súa publicación e conforme o procedemento establecido para a impugnación dos acordos da asemblea xeral, por calquera socio que se sinta agraviado e polos acredores ós que os créditos non lles fosen satisfeitos ou garantidos. En tanto non transcorrese o prazo para a súa impugnación ou se resolvesen por sentenza firme as reclamacións interpostas, non poderá procederse ó reparto do activo resultante. Non obstante, os liquidadores poderán proceder a realizar pagamentos á conta do haber social sempre que pola súa contía non se vaian ver afectados polo resultado daquelas reclamacións.

Artigo 75. *Adxudicación do haber social.*

1. No se poderá adxudicar nin reparti-lo haber social ata que non estean satisfeitas integramente as débedas sociais, se procedese á súa consignación ou se asegurese o pagamento dos créditos non vencidos.

2. Satisfeitas as ditas débedas, o resto do haber social, sen prexuízo do pactado no financiamento subordinado, adxudicase pola seguinte orde:

a) O importe do fondo de educación e promoción porase ó dispor da entidade federativa á que estea asociada a cooperativa. Se non o estiver, a asemblea xeral poderá designar a qué entidade federativa se destinará.

De non se producir designación, o devandito importe ingresaráselle á confederación estatal de cooperativas da clase correspondente á cooperativa en liquidación e de non existila confederación correspondente ingresarase no Tesouro Público coa finalidade de destinalo á constitución dun fondo para a promoción do cooperativismo.

b) Reintegraráselles ós socios o importe das achegas ó capital social que teñan acreditadas, unha vez aboados ou deducidos os beneficios ou perdas correspondentes a exercicios anteriores, actualizados se é o caso; comezando polas achegas dos socios colaboradores, as achegas voluntarias dos demais socios e a continuación as achegas obrigatorias.

c) Reintegraráselles ós socios a súa participación nos fondos de reserva voluntarios que teñan carácter repartible por disposición estatutaria ou por acordo da asemblea xeral, distribuíndose tales fondos de conformidade coas regras establecidas nos estatutos ou no dito acordo e, no seu defecto, en proporción ás actividades realizadas por cada un dos socios coa cooperativa durante os últimos cinco anos ou, para as cooperativas que tiveron unha duración inferior a este prazo, desde a súa constitución.

d) O haber líquido sobranter, de o haber, porase á disposición da sociedade cooperativa ou entidade federativa que figure expresamente recollida nos estatutos ou que se designe por acordo de asemblea xeral. De non se producir designación, o citado importe ingresaráselle á confederación estatal de cooperativas da clase correspondente á cooperativa en liquidación e de non existila confederación correspondente, ingresarase no Tesouro Público coa finalidade de destinalo á constitución dun fondo para a promoción do cooperativismo.

Se a entidade designada fose unha sociedade cooperativa, esta deberá incorporalo ó fondo de reserva obrigatorio, comprometéndose a que durante un período de quince anos teña un carácter de indispoñibilidade, sen que sobre o importe incorporado se poidan imputar perdas orixinadas pola cooperativa. Se o fose unha entidade asociativa, deberá destinalo a apoiar proxectos de investimento promovidos por cooperativas.

Calquera socio da cooperativa en liquidación que teña en proxecto incorporarse a outra cooperativa poderá esixir que a parte proporcional do haber líquido sobranter da liquidación, calculada sobre o total de socios, se ingrese no fondo de reserva obrigatorio da sociedade cooperativa á que se incorpore, sempre que así o solicitase con anterioridade á data da convocatoria da asemblea xeral que deba aproba-lo balance final de liquidación.

Artigo 76. *Extinción.*

Finalizada a liquidación, os liquidadores outorgarán escritura pública de extinción da sociedade na que deberán manifestar:

a) Que o balance final e o proxecto de distribución do activo foron aprobados pola asemblea xeral e publicados nun dos xornais de maior circulación da provincia do domicilio social.

b) Que transcorreu o prazo para a impugnación do acordo a que se refire o artigo 74 desta lei sen que se formulasen impugnacións, ou que alcanzou firmeza a sentenza que as resolveu.

c) Que se procedeu á adxudicación do haber social conforme o establecido no artigo 75 desta lei e foron consignadas as cantidades que correspondan ós acre-

dores, socios e entidades que deban recibilo remanente do fondo de educación e promoción e do haber líquido sobranter.

Á escritura pública incorporarase o balance final de liquidación, o proxecto de distribución do activo e o certificado de acordo da asemblea.

Os liquidadores deberán solicitar na escritura a cancelación dos asentos rexistrados da sociedade.

A escritura inscribirase no Rexistro de Sociedades Cooperativas, depositando na dita dependencia os libros e documentos relativos á cooperativa, que se conservarán durante un período de seis anos.

CAPÍTULO IX

Das cooperativas de segundo grao, grupo cooperativo e outras formas de colaboración económica

Artigo 77. *Cooperativas de segundo grao.*

1. As cooperativas de segundo grao constitúense por, alomenos, dúas cooperativas. Tamén poden integrarse en calidade de socios outras persoas xurídicas, públicas ou privadas, e empresarios individuais, ata un máximo do corenta e cinco por cento do total dos socios, así como os socios de traballo.

Teñen por obxecto promover, coordinar e desenvolver fins económicos comúns dos seus socios, e reforzar e integra-la actividade económica destes.

Agás no caso de sociedades conxuntas de estrutura paritaria, ningún socio destas cooperativas poderá ter máis do 30 por 100 do seu capital social.

2. Os membros do consello rector, interventores, comité de recursos e liquidadores serán elixidos pola asemblea xeral de entre os seus socios ou membros de entidades socios compoñentes dela. Non obstante, os estatutos poderán prever que formen parte do consello rector e interventores persoas cualificadas e expertas que non sexan socios, nin membros de entidades socias, ata un tercio do total.

3. As persoas físicas que representen as persoas xurídicas no consello rector, interventores, comité de recursos e liquidadores non poderán representalas na asemblea xeral da cooperativa de segundo grao, pero deberán asistir a ela con voz pero sen voto, excepto cando na súa composición as entidades socios estean representadas por varios membros.

4. No suposto de liquidación, o fondo de reserva obrigatorio transferirase ó fondo da mesma natureza de cada unha das sociedades cooperativas que a constitúen, así como o resto do haber líquido resultante, distribuíndose todo iso entre as cooperativas socios en proporción ó volume da actividade cooperativizada desenvolvida por cada unha delas na cooperativa de segundo grao durante os últimos cinco anos ou, no seu defecto, desde a súa constitución, non tendo carácter de beneficios extracooperativos.

5. As cooperativas de segundo grao poderán transformarse en cooperativas de primeiro grao quedando absorbidas as cooperativas socios mediante o procedemento establecido na presente lei.

As cooperativas socios, así como os socios destas, desconformes cos acordos de transformación e absorción, poderán separarse mediante escrito dirixido ó consello rector das cooperativas de segundo grao ou primeiro grao, segundo proceda, no prazo dun mes contado a partir da data de publicación do anuncio de transformación e absorción.

6. No non previsto neste artigo, as cooperativas de segundo grao rexeranse pola regulación de carácter xeral establecida nesta lei en todo aquilo que resulte de aplicación.

Artigo 78. *Grupo cooperativo.*

1. Enténdese por grupo cooperativo, para os efectos desta lei, o conxunto formado por varias sociedades cooperativas, calquera que sexa a súa clase, e a entidade cabeza de grupo que exercita facultades ou emite instrucións de obrigado cumprimento para as cooperativas agrupadas, de forma que se produce unha unidade de decisión no ámbito das ditas facultades.

2. A emisión de instrucións poderán afectar a distintos ámbitos de xestión, administración ou goberno, entre os que poderían incluírse:

a) O establecemento nas cooperativas de base de normas estatutarias e regulamentarias comúns.

b) O establecemento de relacións asociativas entre as entidades de base.

c) Compromisos de achega periódica de recursos calculados en función da súa respectiva evolución empresarial ou conta de resultados.

3. A aprobación da incorporación ó grupo cooperativo precisará o acordo inicial de cada unha das entidades de base, conforme as súas propias regras de competencia e funcionamento.

4. Os compromisos xerais asumidos ante o grupo deberán formalizarse por escrito, sexa nos estatutos da entidade cabeza de grupo, se é sociedade cooperativa, ou mediante outro documento contractual que necesariamente deberá incluí-la súa duración, caso de ser limitada, o procedemento para a súa modificación, o procedemento para a separación dunha sociedade cooperativa e as facultades das que o exercicio se acorda atribuír á entidade cabeza de grupo. A modificación, ampliación ou resolución dos compromisos indicados poderá efectuarse, se así se estableceu, mediante acordo do órgano máximo da entidade cabeza de grupo. O documento contractual deberá elevarse a escritura pública.

5. O acordo de integración nun grupo anotarase na folla correspondente a cada sociedade cooperativa no rexistro competente.

6. A responsabilidade derivada das operacións que realicen directamente con terceiros as sociedades cooperativas integradas nun grupo non alcanzará este, nin as demais sociedades cooperativas que o integran.

Artigo 79. *Outras formas de colaboración económica.*

1. As cooperativas de calquera tipo e clase poderán constituír sociedades, agrupacións, consorcios e unións entre si, ou con outras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, e formalizar convenios ou acordos, para o mellor cumprimento do seu obxecto social e para a defensa dos seus intereses.

2. As cooperativas que concentren as súas empresas por fusión ou por constitución doutras cooperativas de segundo grao, así como mediante unións temporais, gozarán de tódolos beneficios outorgados na lexislación sobre agrupación e concentración de empresas.

3. As cooperativas poderán subscribir con outras acordos intercooperativos para o cumprimento dos seus obxectos sociais. En virtude deles, a cooperativa e os seus socios poderán realizar operacións de subministración, entregas de produtos ou servizos na outra cooperativa asinante do acordo, e tales feitos terán a mesma consideración cás operacións cooperativizadas cos propios socios.

Os resultados destas operacións imputaranse na súa totalidade ó fondo de reserva obrigatorio da cooperativa.

CAPÍTULO X

Das clases de cooperativas

SECCIÓN 1.^a DAS COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADOArtigo 80. *Obxecto e normas xerais.*

1. Son cooperativas de traballo asociado as que teñen por obxecto proporcionarles ós seus socios postos de traballo, mediante o seu esforzo persoal e directo, a tempo parcial ou completo, a través da organización en común da produción de bens ou servizos para terceiros. Tamén poderán contar con socios colaboradores. A relación dos socios traballadores coa cooperativa é societaria.

2. Poderán ser socios traballadores os que legalmente teñan capacidade para contrataren a prestación do seu traballo. Os estranxeiros poderán ser socios traballadores de acordo co previsto na lexislación específica sobre a prestación do seu traballo en España.

3. A perda da condición de socio traballador provocará o cesamento definitivo da prestación de traballo na cooperativa.

4. Os socios traballadores teñen dereito a percibir periodicamente, en prazo non superior a un mes, percepcións á conta dos excedentes da cooperativa denominados anticipos societarios que non teñen a consideración de salario, segundo a súa participación na actividade cooperativizada.

5. Serán de aplicación ós centros de traballo e ós socios traballadores as normas sobre saúde laboral e sobre a prevención de riscos laborais, tódalas cales se aplicarán tendo en conta as especialidades propias da relación societaria e autoxestionada dos socios traballadores que os vincula coa súa cooperativa.

6. Os socios traballadores menores de dezaoito anos non poderán realizar traballos nocturnos nin os que o Goberno declare, para os asalariados menores de dezaoito anos, insalubres, penosos, nocivos ou perigosos tanto para a súa saúde como para a súa formación profesional ou humana.

7. O número de horas/ano realizadas por traballadores con contrato de traballo por conta allea non poderá ser superior ó 30 por 100 do total de horas/ano realizadas polos socios traballadores. Non se computarán nesta porcentaxe:

a) Os traballadores integrados na cooperativa por subrogación legal así como aqueles que se incorporen en actividades sometidas a esta subrogación.

b) Os traballadores que se negaren explicitamente a ser socios traballadores.

c) Os traballadores que substitúan a socios traballadores ou asalariados en situación de excedencia ou incapacidade temporal, baixa por maternidade, adopción ou acollemento.

d) Os traballadores que presten os seus traballos en centros de traballo de carácter subordinado ou accesorio.

e) Os traballadores contratados para seren postos á disposición de empresas usuarias cando a cooperativa actúa como empresa de traballo temporal.

f) Os traballadores con contratos de traballo en prácticas e para a formación.

g) Os traballadores contratados en virtude de calquera disposición de fomento do emprego de diminuídos físicos ou psíquicos.

Entenderase, en todo caso, como traballo prestado en centro de traballo subordinado ou accesorio, os servizos prestados directamente á Administración pública e entidades que coadjuven ó interese xeral, cando son realizados en locais de titularidade pública.

8. Os estatutos poderán fixa-lo procedemento polo que os traballadores asalariados poidan acceder á condición de socios. Nas cooperativas reguladas neste artigo que superen o límite de traballo asalariado establecido no número 7, o traballador con contrato de traballo por tempo indefinido e con máis de dous anos de antigüidade, deberá ser admitido como socio traballador se o solicita nos seis meses seguintes desde que puido exercer tal dereito, sen necesidade de supera-lo período de proba cooperativa, e reúne os demais requisitos estatutarios.

Artigo 81. *Socios en situación de proba.*

1. Nas cooperativas de traballo asociado, se os estatutos o prevén, a admisión, polo consello rector, dun novo socio serao en situación de proba, podendo ser reducido ou suprimido o período de proba por mutuo acordo.

2. O período de proba non excederá de seis meses e será fixado polo consello rector. Non obstante, para ocupa-los postos de traballo que fixe o consello rector, agás atribución estatutaria desta facultade á asemblea xeral, cando o desempeño esixa especiais condicións profesionais, o período de proba poderá ser de ata dezaioito meses. O número dos referidos postos de traballo non poderá exceder do vinte por cento do total de socios traballadores da cooperativa.

3. Os novos socios, durante o período en que se encontren en situación de proba, terán os mesmos dereitos e obrigas cós socios traballadores, coas seguintes particularidades:

a) Poderán resolve-la relación por libre decisión unilateral, facultade que tamén se lle recoñece ó consello rector.

b) Non poderán ser elixidos para os cargos dos órganos da sociedade.

c) Non poderán votar, na asemblea xeral, ningún punto que lles afecte persoal e directamente.

d) Non estarán obrigados nin facultados para faceren achegas ó capital social nin para desembolsaren a cota de ingreso.

e) Non os alcanzará a imputación de perdas que se produzan na cooperativa durante o período de proba, nin terán dereito ó retorno cooperativo.

Artigo 82. *Réxime disciplinario.*

1. Os estatutos ou o regulamento de réxime interno establecerán o réxime disciplinario dos socios traballadores, regulando os tipos de faltas que poidan producirse na prestación de traballo, as sancións, os órganos e persoas con facultades sancionadoras delegadas.

Os estatutos regularán os procedementos sancionadores con expresión dos trámites, recursos e prazos.

2. O réxime disciplinario regulará os tipos de faltas que poidan producirse na prestación do traballo, as sancións, os órganos e persoas con facultades sancionadoras delegadas, e os procedementos sancionadores con expresión dos trámites, recursos e prazos.

3. A expulsión dos socios traballadores só poderá ser acordada polo consello rector, contra a decisión do cal se poderá recorrer, no prazo de quince días desde a súa notificación, ante o comité de recursos, que resolverá no prazo de dous meses, ou ante a asemblea xeral, que resolverá na primeira asemblea que se convoque. Transcorrido o devandito prazo sen que se adopte a decisión, entenderase estimado o recurso. O acordo de

expulsión só será executivo desde que sexa ratificado polo correspondente órgano ou se transcorreu o prazo para recorrer ante el, aínda que o consello rector podería suspende-lo socio traballador no seu emprego, conservando este tódolos seus dereitos económicos.

Artigo 83. *Xornada, descanso semanal, festas, vacacións e permisos.*

1. Os estatutos, o regulamento de réxime interno ou, no seu defecto, a asemblea regularán a duración da xornada de traballo, o descanso mínimo semanal, as festas e as vacacións anuais, respectando, en todo caso, como mínimo, as seguintes normas:

a) Entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte mediarán, como mínimo, doce horas.

b) Os menores de dezaioito anos non poderán realizar máis de corenta horas de traballo efectivo á semana.

c) Respectaranse, alomenos, como festas, a da Natividade do Señor, Aninovo, 1 de maio e 12 de outubro, agás nos supostos excepcionais en que o impida a natureza da actividade empresarial que desenvolva a cooperativa.

d) As vacacións anuais e, alomenos, as festas expresadas na alínea c) deste número serán retribuídas para efectos de anticipo societario.

e) As vacacións anuais dos menores de dezaioito anos e dos maiores de sesenta anos terán unha duración mínima dun mes.

2. O socio traballador, con aviso previo e xustificación, terá dereito a ausentarse do traballo por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

a) Quince días naturais en caso de matrimonio.

b) Dous días nos casos de nacemento de fillo ou enfermidade grave ou falecemento de parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando, con tal motivo, o socio traballador necesite facer un desprazamento para o efecto, o prazo será de catro días.

c) Un día por traslado do domicilio habitual.

d) Polo tempo indispensable, para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal.

e) Para realizar funcións de representación no movemento cooperativo.

Os estatutos, o regulamento de réxime interno ou, no seu defecto, a asemblea xeral poderán amplia-los supostos de permiso e o seu tempo de duración e, en todo caso, deberán fixar se os permisos, para efectos da percepción dos anticipos societarios, teñen ou non o carácter de retribuídos ou a proporción en que son retribuídos.

Artigo 84. *Suspensión e excedencias.*

1. Nas cooperativas de traballo asociado, suspenderase temporalmente a obriga e o dereito do socio traballador a presta-lo seu traballo, con perda dos dereitos e obrigas económicas da devandita prestación, polas causas seguintes:

a) Incapacidade temporal do socio traballador.

b) Maternidade ou paternidade do socio traballador e a adopción ou acollemento de menores de cinco anos.

c) Cumprimento do servizo militar, obrigatorio ou voluntario, ou servizo social substitutivo.

d) Privación de liberdade do socio traballador, mentres non exista sentenza condenatoria.

e) Excedencia forzosa, por designación ou elección para un cargo público ou no movemento cooperativo, que imposibilite a asistencia ó traballo do socio traballador.

f) Causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou derivadas de forza maior.

g) Por razóns disciplinarias.

2. Ó cesaren as causas legais de suspensión, o socio traballador recobrará a plenitude dos seus dereitos e obrigas como socio, e terá dereito á reincorporación ó posto de traballo reservado.

No suposto de incapacidade temporal se, de acordo coas leis vixentes sobre seguridade social, o socio traballador é declarado en situación de incapacidade permanente, cesará o dereito de reserva do posto de traballo, e se fose absoluta ou gran invalidez, producirase a baixa obrigatoria do socio traballador.

Nos supostos de suspensión por prestación do servizo militar ou substitutivo, ou exercicio de cargo público ou no movemento cooperativo, por designación ou elección, o socio traballador deberá reincorporarse no prazo máximo dun mes a partir da cesación no servizo, cargo ou función.

No suposto de parto, a suspensión terá unha duración mínima de dezaseis semanas ininterrompidas salvo que fose múltiple, caso en que a duración será de dezaioito semanas. En ámbolos supostos distribuiranse a opción da interesada, sempre que alomenos seis semanas sexan inmediatamente posteriores ó parto.

Non obstante o anterior, no caso de que a nai e o pai traballen, aquela, ó iniciarse o período de descanso por maternidade, poderá optar por que o pai goce de ata catro das últimas semanas de suspensión, sempre que sexan ininterrompidas e ó final do citado período, salvo que no momento da súa efectividade a incorporación ó traballo da nai supoña un risco para a súa saúde.

No suposto de adopción, se o fillo adoptado é menor de nove meses, a suspensión terá unha duración máxima de dezaseis semanas, contadas, á elección do socio traballador, ben a partir da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, ben a partir da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción. Se o fillo adoptado é maior de nove meses e menor de cinco anos, a suspensión terá unha duración máxima de seis semanas.

No caso de que o pai e a nai traballen só un deles poderá exercitar este dereito.

3. Para a suspensión por causas económicas, técnicas, organizativas, de produción ou derivadas de forza maior, a asemblea xeral, salvo previsión estatutaria, deberá declara-la necesidade de que, por algunha das mencionadas causas, pasen á situación de suspensión a totalidade ou parte dos socios traballadores que integran a cooperativa, así como o tempo que ha de dura-la suspensión, e designa-los socios traballadores concretos que han de quedar en situación de suspensión.

4. Os socios traballadores incurso nos supostos a), b), d) e f) do número 1 deste artigo, mentres estean en situación de suspensión, conservarán o resto dos seus dereitos e obrigas como socio.

Os socios traballadores incurso nos supostos c) e e) do referido número 1 deste artigo, mentres estean en situación de suspensión, terán os dereitos establecidos na presente lei para os socios, excepto a percibir anticipos e retornos, o dereito ó voto e a seren elixidos para ocupar cargos nos órganos sociais, debendo gardar segredo sobre aqueles asuntos e datos que poidan prexudica-los intereses sociais da cooperativa, e se durante o tempo en que estean en situación de suspensión, a asemblea xeral, conforme o establecido no número 2 do artigo 46, acordase a realización de novas achegas obrigatorias, estarán obrigados a realízalas.

5. Nos supostos a), b), c), d) e e) do número 1 deste artigo, as cooperativas de traballo asociado, para substituíren os socios traballadores en situación de suspensión, poderán subscribir contratos de traballo de dura-

ción determinada con traballadores asalariados nos que conste a persoa á que substitúe e a causa que o motiva. Estes traballadores asalariados non serán computables para efectos da porcentaxe a que se refire o número 7 do artigo 80 desta lei.

6. Os estatutos, ou o regulamento de réxime interno, ou no seu defecto a asemblea xeral, poderán preve-la posibilidade de lles conceder ós socios traballadores excedencias voluntarias coa duración máxima que determine o consello rector, salvo que existise unha limitación prevista nas disposicións referenciadas.

A situación dos socios traballadores en situación de excedencia voluntaria axustarase ás seguintes normas:

a) Non terán dereito á reserva do seu posto de traballo, senón unicamente o dereito preferente ó reingreso nas vacantes dos postos de traballo iguais ou similares ó seu que houbese ou se producisen na cooperativa.

b) Os seus demais dereitos e obrigas serán os establecidos no número 4 do presente artigo para os socios traballadores incurso nos supostos c) e e) do número 1 deste artigo.

Artigo 85. *Baixa obrigatoria por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.*

1. Cando, por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción ou no suposto de forza maior, para mante-la viabilidade empresarial da cooperativa, sexa preciso, a criterio da asemblea xeral, reducir, con carácter definitivo, o número de postos de traballo da cooperativa ou modifica-la proporción das cualificacións profesionais do colectivo que a integra, a asemblea xeral ou, se é o caso, o consello rector se así o establecen os estatutos, deberá designa-los socios traballadores concretos que deben causar baixa na cooperativa, que terá a consideración de baixa obrigatoria xustificada.

2. Os socios traballadores que sexan baixa obrigatoria conforme o establecido no número anterior do presente artigo, terán dereito á devolución inmediata das súas achegas voluntarias ó capital social e á devolución no prazo de dous anos das súas achegas obrigatorias periodificadas de forma mensual. En todo caso, os importes pendentes de reembolso devengarán o xuro legal do diñeiro que de forma anual deberá aboarse ó ex-socio traballador pola cooperativa.

Non obstante, cando a cooperativa teña dispoñibilidade de recursos económicos obxectivos, a devolución das achegas obrigatorias deberá realizarse no exercicio económico en curso.

Artigo 86. *Sucesión de empresas, contratas e concesións.*

1. Cando unha cooperativa se subrogue nos dereitos e obrigas laborais do anterior titular, os traballadores afectados por esta subrogación poderán incorporarse como socios traballadores nas condicións establecidas no artigo 80.8 desta lei, e se levaban, alomenos, dous anos na empresa anterior, non se lles poderá esixilo período de proba.

No suposto de que se superase o límite legal sobre o número de horas/ano, establecido no artigo 80.7 desta lei, o exceso non producirá ningún efecto.

2. Cando unha cooperativa de traballo asociado cese, por causas non imputables a ela, nunha contrata de servizos ou concesión administrativa e un novo empresario se faga cargo destas, os socios traballadores que viñesen desenvolvendo a súa actividade nelas terán os mesmos dereitos e deberes que lles terían correspondido, de acordo coa normativa vixente, como se presen o seu traballo na cooperativa na condición de traballadores por conta allea.

Artigo 87. *Cuestións contenciosas.*

1. As cuestións contenciosas que se susciten entre a cooperativa e os seus socios traballadores, pola súa condición de tales, resolveranse aplicando, con carácter preferente, esta lei, os estatutos e o regulamento de réxime interno das cooperativas, os acordos validamente adoptados polos órganos sociais da cooperativa e os principios cooperativos. As citadas cuestións someteranse ante a xurisdicción da orde social de conformidade co que se dispón no artigo 2.º do Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral.

A remisión á xurisdicción da orde social atrae competencias dos seus órganos xurisdiccionais, en tódolos seus graos, para coñecemento de cantas cuestións contenciosas se susciten entre a cooperativa de traballo asociado e o socio traballador relacionadas cos dereitos e obrigas derivados da actividade cooperativizada.

2. Os conflitos non baseados na prestación do traballo, ou os seus efectos, nin comprometidos os seus dereitos en canto achegante de traballo e que poidan xurdir entre calquera clase de socio e as cooperativas de traballo asociado, estarán sometidos á xurisdicción da orde civil.

3. A interposición de calquera demanda por parte dun socio nas cuestións a que se refire o anterior punto 1 esixirá o esgotamento da vía cooperativa previa, durante a cal quedará en suspenso o cómputo de prazos de prescrición ou caducidade para o exercicio de accións ou de afirmación de dereitos.

SECCIÓN 2.^a DAS COOPERATIVAS DE CONSUMIDORES E USUARIOS

Artigo 88. *Obxecto e ámbito.*

1. Son cooperativas de consumidores e usuarios aquelas que teñen por obxecto a subministración de bens e servizos adquiridos a terceiros ou producidos por si mesmas, para uso ou consumo dos socios e de quen con eles convive, así como a educación, formación e defensa dos dereitos dos seus socios en particular e dos consumidores e usuarios en xeral. Poden ser socios destas cooperativas as persoas físicas e as entidades ou organizacións que teñan o carácter de destinatarios finais.

2. As cooperativas de consumidores e usuarios poderán realizar operacións cooperativizadas con terceiros non socios, dentro do seu ámbito territorial, se así o prevén os seus estatutos.

SECCIÓN 3.^a DAS COOPERATIVAS DE VIVENDAS

Artigo 89. *Obxecto e ámbito.*

1. As cooperativas de vivendas asocian a persoas físicas que precisen aloxamento e/ou locais para si e as persoas que con elas convivan. Tamén poderán ser socios os entes públicos e as entidades sen ánimo de lucro que precisen aloxamento para aquelas persoas que dependentes deles teñan que residir, por razón do seu traballo ou función no contorno dunha promoción cooperativa ou que precisen locais para desenvolveren as súas actividades. Así mesmo, poden ter como obxecto, incluso único, caso en que poderán ser socios calquera tipo de persoas, o de procurar edificacións e instalacións complementarias para o uso de vivendas e locais dos socios, a conservación e administración das vivendas e locais, elementos, zonas ou edificacións comúns e a creación e subministración de servizos complementa-

rios, así como a rehabilitación de vivendas, locais e edificacións e instalacións complementarias.

2. As cooperativas de vivendas poderán adquirir, parcelar e urbanizar terreos e, en xeral, desenvolver cantas actividades e traballos sexan necesarios para o cumprimento do seu obxecto social.

3. A propiedade ou o uso e desfrute das vivendas e locais poderán ser adjudicados ou cedidos ós socios mediante calquera título admitido en dereito.

Cando a cooperativa reteña a propiedade das vivendas ou locais, os estatutos establecerán as normas a que debe axustarse tanto o seu uso e desfrute polos socios, como os demais dereitos e obrigas destes e da cooperativa, e poderán prever e regula-la posibilidade de cesión ou permuta do dereito de uso e desfrute da vivenda ou local con socios doutras cooperativas de vivendas que teñan establecida a mesma modalidade.

4. As cooperativas de vivendas poderán allear ou arrendar a terceiros, non-socios, os locais comerciais e as instalacións e edificacións complementarias da súa propiedade. A asemblea xeral acordará o destino do importe obtido por alleamento ou arrendamento destes.

5. Os estatutos poderán prever en qué casos a baixa dun socio é xustificada e para os restantes, a aplicación, na devolución das cantidades entregadas por el para financialo pagamento das vivendas e locais, das deducións a que se refire o punto 3 do artigo 51, ata un máximo do 50 por 100 das porcentaxes que nel se establecen.

As cantidades a que se refire o parágrafo anterior, así como as achegas do socio ó capital social, deberán reembolsárselle a este no momento en que sexa substituído nos seus dereitos e obrigas por outro socio.

6. Ningunha persoa poderá desempeñar simultaneamente o cargo de membro do consello rector en máis dunha cooperativa de vivendas.

Os membros do consello rector en ningún caso poderán percibir remuneracións ou compensacións polo desempeño do cargo, sen prexuízo do seu dereito a seren resarcidos polos gastos que se lles orixine.

7. As cooperativas de vivendas realizarán as súas promocións no ámbito territorial que delimiten os seus estatutos.

Artigo 90. *Construcións por fases ou promocións.*

Se a cooperativa de vivendas desenvolvese máis dunha promoción ou unha mesma promoción o fose en varias fases, estará obrigada a dotar a cada unha delas de autonomía de xestión e patrimonial, para o que deberá levar unha contabilidade independente con relación a cada unha, sen prexuízo da xeral da cooperativa, individualizando tódolos xustificantes de cobros ou pagamentos que non correspondan a créditos ou débedas xerais.

Cada promoción ou fase deberá identificarse cunha denominación específica que deberá figurar de forma clara e destacada en toda a documentación relativa a ela, incluídos permisos ou licencias administrativas e calquera contrato suscrito con terceiros.

Na inscrición no Rexistro da Propiedade dos terreos ou soares a nome da cooperativa farase constar a promoción ou fase a que están destinados e se ese destino se acordase con posterioridade á súa adquisición, farase constar por nota marxinal por solicitude dos representantes legais da cooperativa.

Deberán constituírse por cada fase ou promoción xuntas especiais de socios, a regulación das cales deberá conte-loos estatutos, sempre respectando as competencias propias da asemblea xeral sobre as operacións e compromisos comúns da cooperativa e sobre o que afecte a máis dun patrimonio separado ou ós dereitos ou

obrigas dos socios non adscritos á fase ou bloque respectivo. A convocatoria das xuntas farase na mesma forma cá das asembleas.

Os bens que integren o patrimonio debidamente contabilizado dunha promoción ou fase non responderán das débedas das restantes.

Artigo 91. *Auditoría de contas nas cooperativas de vivendas.*

1. As cooperativas de vivendas, antes de presentaren as contas anuais, para a súa aprobación á asemblea xeral, deberanas someter a auditoría, nos exercicios económicos en que se produza algún dos seguintes supostos:

- a) Que a cooperativa teña en promoción, entre vivendas e locais, un número superior a cincuenta.
- b) Calquera que sexa o número de vivendas e locais en promoción, cando correspondan a distintas fases, ou cando se constrúan en distintos bloques que constitúan, para efectos económicos, promocións diferentes.
- c) Que a cooperativa outorgase poderes relativos á xestión empresarial a persoas físicas ou xurídicas distintas dos membros do consello rector.
- d) Cando o prevexan os estatutos ou o acorde a asemblea xeral.

2. Non obstante o establecido no punto anterior, será de aplicación, en calquera caso, a este precepto o recollido na presente lei sobre esta materia.

Artigo 92. *Transmisión de dereitos.*

1. Nas cooperativas de vivendas, o socio que pretenda transmitir «inter vivos» os seus dereitos sobre a vivenda ou local, antes de transcorrer cinco anos ou outro prazo superior fixado polos estatutos, que non poderá ser superior a dez desde a data de concesión da licenza de primeira ocupación da vivenda ou local, ou do documento que legalmente o substitúa, e de non existir, desde a entrega da posesión da vivenda ou local, deberá poñelos á disposición da cooperativa, a cal llos ofrecerá ós solicitantes de admisión como socios por orde de antigüidade.

O prezo de tanteo será igual á cantidade desembolsada polo socio que transmite os seus dereitos sobre a vivenda ou local, incrementada coa revalorización que experimentase, conforme o índice de prezos ó consumo, durante o período comprendido entre as datas dos distintos desembolsos parciais e a data da comunicación da intención de transmisión dos dereitos sobre a vivenda ou local.

Transcorridos tres meses desde que o socio puxo en coñecemento do consello rector o propósito de transmitir os seus dereitos sobre a vivenda ou local, sen que ningún solicitante de admisión como socio por orde de antigüidade faga uso do dereito de preferencia para a súa adquisición, o socio queda autorizado para transmitilos, «inter vivos», a terceiros non socios.

Non obstante, transcorrido un ano desde que se comunicou a intención de transmitir sen levar a cabo a transmisión, deberá repetirse o ofrecemento a que se refire o parágrafo primeiro.

2. Se, no suposto a que se refire o número anterior deste artigo, o socio, sen formalizalo que nel se establece, transmitise a terceiros os seus dereitos sobre a vivenda ou local, a cooperativa, se quixese adquirilos algún solicitante de admisión como socio, exercerá o dereito de retracto, debendo reembolsar ó comprador o prezo que sinala o número anterior deste artigo, incrementado cos gastos a que se refire o número 2 do artigo 1.518 do Código civil. Os gastos recollidos polo

número 1 do referido artigo do Código civil serán por conta do socio que incumpriu o establecido no número anterior do presente artigo.

O dereito de retracto poderá exercerse, durante un ano, desde a inscrición da transmisión no Rexistro da Propiedade, ou, no seu defecto, durante tres meses, desde que o retraente tivese coñecemento da dita transmisión.

3. As limitacións establecidas nos números anteriores deste artigo non serán de aplicación cando o socio transmita os seus dereitos sobre a vivenda ou local ós seus ascendentes ou descendentes, así como nas transmisións entre cónxuxes decretadas ou aprobadas xudicialmente nos casos de separación ou divorcio.

SECCIÓN 4.^a DAS COOPERATIVAS AGRARIAS

Artigo 93. *Obxecto e ámbito.*

1. Son cooperativas agrarias as que asocian a titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais, que teñen como obxecto a realización de todo tipo de actividades e operacións encamiñadas ó mellor aproveitamento das explotacións dos seus socios, dos seus elementos ou compoñentes, da cooperativa e á mellora da poboación agraria e do desenvolvemento do mundo rural, así como atender calquera outro fin ou servizo que sexa propio da actividade agraria, gandeira, forestal ou estean directamente relacionados con elas.

Tamén poderán formar parte como socios de pleno dereito destas cooperativas as sociedades agrarias de transformación, as comunidades de regantes, as comunidades de augas, as comunidades de bens e as sociedades civís ou mercantís que teñan o mesmo obxecto social ou actividade complementaria e se encontre comprendido no primeiro parágrafo deste artigo. Nestes casos, os estatutos poderán regular un límite de votos que ostenten os socios mencionados en relación ó conxunto de votos sociais da cooperativa.

2. Para o cumprimento do seu obxecto, as cooperativas agrarias poderán desenvolver, entre outras, as seguintes actividades:

a) Adquirir, elaborar, producir e fabricar por calquera procedemento, para a cooperativa ou para as explotacións dos seus socios, animais, pensos, fertilizantes, plantas, sementes, insecticidas, materiais, instrumentos, maquinaria, instalacións e calquera outro elemento necesario ou conveniente para a produción e fomento agrario.

b) Conservar, tipificar, manipular, transformar, transportar, distribuír e comercializar, mesmo directamente ó consumidor, os produtos procedentes das explotacións da cooperativa e dos seus socios no seu estado natural ou previamente transformados.

c) Adquirir, parcelar, sanear e mellorar terreos destinados á agricultura, a gandería ou os bosques, así como a construción e explotación das obras e instalacións necesarias para estes fins.

d) Calquera outra actividade que sexa necesaria ou conveniente ou que facilite o melloramento económico, técnico, laboral ou ecolóxico da cooperativa ou das explotacións dos socios.

e) Realizar actividades de consumo e servizos para os seus socios e demais membros do seu contorno social e fomentar aquelas actividades encamiñadas á promoción e mellora da poboación agraria e o medio rural.

3. As explotacións agrarias dos socios, para o melloramento das cales a cooperativa agraria presta os seus servizos e subministracións, deberán estar dentro do

ámbito territorial da cooperativa, establecido estatutariamente.

4. As cooperativas agrarias poderán desenvolver operacións con terceiros non socios ata un límite máximo do 50 por 100 do total das realizadas cos socios para cada tipo de actividade desenvolvida por aquela.

SECCIÓN 5.^a DAS COOPERATIVAS DE EXPLOTACIÓN COMUNITARIA DA TERRA

Artigo 94. *Obxecto e ámbito.*

1. Son cooperativas de explotación comunitaria da terra as que asocian a titulares de dereitos de uso e aproveitamento de terras ou outros bens inmobles, susceptibles de explotación agraria, que ceden estes dereitos á cooperativa e que prestan ou non o seu traballo nela, podendo asociar tamén a outras persoas físicas que, sen lle cederen á cooperativa dereitos de goce sobre bens, prestan o seu traballo nela, para a explotación en común dos bens cedidos polos socios e dos demais que posúa a cooperativa por calquera título, así como desenvolve-las actividades recollidas no artigo 93.2 para as cooperativas agrarias.

2. Non obstante o establecido no número anterior, as cooperativas de explotación comunitaria da terra poderán realizar operacións con terceiros non socios cos límites que se establecen no artigo 93.4 desta lei.

3. Nas cooperativas de explotación comunitaria da terra, o seu ámbito, fixado estatutariamente, determinará o espazo xeográfico en que os socios traballadores da cooperativa poden desenvolver habitualmente a súa actividade cooperativizada de prestación de traballo, e dentro do cal teñen que estar situados os bens integrantes da explotación.

Artigo 95. *Réxime dos socios.*

1. Poden ser socios das cooperativas de explotación comunitaria da terra:

a) As persoas físicas e xurídicas titulares de dereitos de uso e aproveitamento de terra ou outros bens inmobles susceptibles de explotación agraria que cedan estes dereitos á cooperativa, prestando ou non o seu traballo nela e que, en consecuencia, terán simultaneamente a condición de socios cedentes do goce de bens á cooperativa e de socios traballadores, ou unicamente a primeira.

b) As persoas físicas que, sen cederen á cooperativa dereitos de disfrute sobre bens, presten o seu traballo nela e que terán unicamente a condición de socios traballadores.

2. Será de aplicación ós socios traballadores das cooperativas de explotación comunitaria da terra, sexan ou non simultaneamente cedentes do goce de bens á cooperativa, as normas establecidas nesta lei para os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado, coas excepcións contidas nesta sección.

3. O número de horas/ano realizadas por traballadores con contrato de traballo por conta allea non poderá supera-los límites establecidos no artigo 80.7 da presente lei.

Artigo 96. *Cesión do uso e aproveitamento de bens.*

1. Os estatutos deberán establece-lo tempo mínimo de permanencia na cooperativa dos socios na súa condición de cedentes do uso e aproveitamento de bens, que non poderá ser superior a quince anos.

Cumprido o prazo de permanencia a que se refire o parágrafo anterior, se os estatutos o prevén, poderán establecerse novos períodos sucesivos de permanencia obrigatoria, por prazos non superiores a cinco anos. Estes prazos aplicaranse automaticamente, agás que o socio comunique a súa decisión de causar baixa, cunha anticipación mínima de seis meses á finalización do respectivo prazo de permanencia obrigatoria.

En todo caso, o prazo para o reembolso das achegas ó capital social comezará a computarse desde a data en que remate o último prazo de permanencia obrigatoria.

2. Aínda que, por calquera causa, o socio cese na cooperativa na súa condición de cedente do goce de bens, a cooperativa poderá conserva-los dereitos de uso e aproveitamento que foron cedidos polo socio, polo tempo que falte para remata-lo período de permanencia obrigatoria deste na cooperativa, a cal, se fai uso desta facultade, en compensación, lle aboará ó socio cesante a renda media da zona dos referidos bens.

3. O arrendatario e demais titulares dun dereito de goce, poderán cede-lo uso e aproveitamento dos bens polo prazo máximo de duración do seu contrato ou título xurídico, sen que isto sexa causa de desafuzamento ou resolución del.

Neste suposto, a cooperativa poderá dispensar do cumprimento do prazo estatutario de permanencia obrigatoria, sempre que o titular dos dereitos de uso e aproveitamento se comprometa a cedelos polo tempo a que alcance o seu título xurídico.

4. Os estatutos sinalarán o procedemento para obte-la valoración dos bens susceptibles de explotación en común.

5. Ningún socio poderá ceder á cooperativa o usufructo de terras ou outros bens inmobles que excedan do tercio do valor total dos integrados na explotación, agás que se tratase de entes públicos ou sociedades cun capital social no que os entes públicos participen maioritariamente.

6. Os estatutos poderán regula-lo réxime de obras, melloras e servidumes que poidan afecta-los bens dos que o goce foi cedido e sexan consecuencia do plan de explotación comunitaria deles. A regulación estatutaria comprenderá o réxime de indemnizacións que procedan como consecuencia destas obras, melloras e servidumes. Se os estatutos o prevén e o socio cedente do goce ten titularidade suficiente para autoriza-la modificación, non poderá oporse á realización da obra ou mellora ou á constitución da servidume. Cando sexa necesario para o normal aproveitamento do ben afectado, a servidume manterase, aínda que o socio cese na cooperativa ou o inmueble cambie de titularidade, sempre e cando esta circunstancia se fíxese constar no documento de constitución da servidume. En todo caso, será de aplicación a facultade de variación recollida no parágrafo segundo do artigo 545 do Código civil.

Para a adopción de acordos relativos ó establecido neste número, será necesario que a maioría prevista no número 1 do artigo 28 comprenda o voto favorable de socios que representen, alomenos, o 50 por cento da totalidade dos bens dos que o uso e disfrute fose cedido á cooperativa.

7. Os estatutos poderán establecer normas polas que os socios que cedesen á cooperativa o uso e aproveitamento de bens, queden obrigados a non transmitir a terceiros dereitos sobre os devanditos bens que impidan o do seu uso e aproveitamento pola cooperativa durante o tempo de permanencia obrigatoria do socio dela.

8. O socio que fose baixa obrigatoria ou voluntaria na cooperativa, cualificada de xustificada, poderá transmitir-las súas achegas ó capital social da cooperativa ó seu cónxuxe, ascendentes ou descendentes, se estes son socios ou adquiren tal condición no prazo de tres meses desde a baixa daquel.

Artigo 97. *Réxime económico.*

1. Os estatutos fixarán a achega obrigatoria mínima ó capital social para ser socio, distinguindo a que deberá realizar na súa condición de cedente do goce de bens e na de socio traballador.

2. O socio que, tendo a dobre condición de cedente do goce de bens e de socio traballador, cause baixa nunha delas, terá dereito ó reembolso das achegas realizadas en función da condición en que cesa na cooperativa, sexa esta a de cedente de bens ou a de socio traballador.

3. Os socios, na súa condición de socios traballadores, percibirán anticipos societarios de acordo co establecido para as cooperativas de traballo asociado, e na súa condición de cedentes do uso e aproveitamento de bens á cooperativa, percibirán, por tal cesión, a renda usual na zona para predios análogos. As cantidades percibidas polos mencionados anticipos societarios e rendas serano á conta dos resultados finais, no exercicio da actividade económica da cooperativa.

Para efectos do establecido no punto 2.a) do artigo 57, tanto os anticipos societarios como as mencionadas rendas terán a consideración de gastos deducibles.

4. Os retornos acreditaranse ós socios de acordo coas seguintes normas:

a) Os excedentes dispoñibles que teñan a súa orixe nos bens incluídos na explotación por títulos distintos á cesión á cooperativa do goce deles polos socios imputaranse a aqueles que teñan a condición de socios traballadores, de acordo coas normas establecidas para as cooperativas de traballo asociado.

b) Os excedentes dispoñibles que teñan a súa orixe nos bens dos que o goce foi cedido polos socios á cooperativa imputaranse ós socios en proporción á súa respectiva actividade cooperativa, nos termos que se sinalan a continuación:

a') A actividade consistente na cesión a favor da cooperativa do goce dos predios valorarase tomando como módulo a renda usual na zona para predios análogos.

b') A actividade consistente na prestación de traballo polo socio será valorada conforme o salario do convenio vixente na zona para o seu posto de traballo, aínda que percibise anticipos societarios de contía distinta.

5. A imputación das perdas realizarase conforme as normas establecidas no número anterior.

Non obstante, se a explotación dos bens dos que o goce foi cedido polos socios dese lugar a perdas, as que correspondan á actividade cooperativizada de prestación de traballo sobre os ditos bens imputaranse na súa totalidade ós fondos de reserva e, no seu defecto, ós socios na súa condición de cedentes do goce de bens, na contía necesaria para lles garantir ós socios traballadores unha compensación mínima igual ó 70 por 100 das retribucións satisfeitas na zona por igual traballo e, en todo caso, non inferior ó importe do salario mínimo interprofesional.

SECCIÓN 6.^a DAS COOPERATIVAS DE SERVICIOS

Artigo 98. *Obxecto.*

1. Son cooperativas de servicios as que asocian a persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións industriais ou de servicios, e a profesionais ou artistas que exerzan a súa actividade por conta propia, e teñen por obxecto a prestación de subministración e servicios, ou a produción de bens e a realización de operacións encamiñadas ó melloramento económico e técnico das

actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios.

2. Non poderá ser clasificada como cooperativa de servicios aquela na que concorran, respecto dos seus socios e do seu obxecto, circunstancias ou peculiaridades que permitan a súa clasificación, conforme o establecido, noutra das seccións deste capítulo.

3. Non obstante o establecido nos puntos anteriores deste artigo, as cooperativas de servicios poderán realizar actividades e servicios cooperativizados con terceiros non socios, ata un cincuenta por cento do volume total da actividade cooperativizada realizada cos seus socios.

SECCIÓN 7.^a DAS COOPERATIVAS DO MAR

Artigo 99. *Obxecto e ámbito.*

1. Son cooperativas do mar as que asocian a pescadores, armadores de embarcacións, confrarías, organizacións de produtores pesqueiros, titulares de viveiros de algas, de cetarias, mariscadores e familias marisqueiras, concesionarios de explotacións de pesca e de acuicultura e, en xeral, a persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións dedicadas a actividades pesqueiras ou de industrias marítimo-pesqueiras e derivadas, nas súas diferentes modalidades do mar, rías e lagoas mariñas, e a profesionais por conta propia das devanditas actividades, e teñen por obxecto a prestación de subministracións e servicios e a realización de operacións, encamiñadas ó melloramento económico e técnico das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios.

2. Para o cumprimento do seu obxecto, as cooperativas do mar poderán desenvolver, entre outras, as seguintes actividades:

a) Adquirir, elaborar, producir, fabricar, reparar, manter e desmantelar instrumentos, utensilios de pesca, maquinaria, instalacións, sexan ou non frigoríficas, embarcacións de pesca, animais, embrións e exemplares para a reprodución, pasto e calquera outro produto, materiais e elementos necesarios ou convenientes para a cooperativa e para as actividades profesionais ou das explotacións dos socios.

b) Conservar, tipificar, transformar, distribuír e comercializar, incluso ata o consumidor, os produtos procedentes da cooperativa e da actividade profesional ou das explotacións dos socios.

c) En xeral, calquera outra actividade que sexa necesaria ou conveniente ou que facilite o melloramento económico, técnico, laboral ou ecolóxico da actividade profesional ou das explotacións dos socios.

3. Non obstante o establecido nos números anteriores deste artigo, será de aplicación ás cooperativas do mar o previsto sobre operacións con terceiros no artigo 93, se ben referido a produtos da pesca.

4. O ámbito desta clase de cooperativas será fixado estatutariamente.

SECCIÓN 8.^a DAS COOPERATIVAS DE TRANSPORTISTAS

Artigo 100. *Obxecto e ámbito.*

1. Son cooperativas de transportistas as que asocian a persoas físicas ou xurídicas, titulares de empresas do transporte ou profesionais que poidan exercer en calquera ámbito, incluso o local, a actividade de transportistas, de persoas ou cousas ou mixto, e teñen por obxecto a prestación de servicios e subministracións e a realización de operacións, encamiñadas ó melloramento económico e técnico das explotacións dos seus socios.

As cooperativas de transportistas tamén poderán realizar aquelas actividades para as que se encontran expresamente facultadas pola Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, nos termos que nela se establecen.

2. As cooperativas de transportistas poderán desenvolver operacións con terceiros non socios sempre que unha norma específica así o autorice.

3. O ámbito desta clase de cooperativas será fixado estatutariamente.

SECCIÓN 9.^a DAS COOPERATIVAS DE SEGUROS

Artigo 101. *Normativa aplicable.*

Son cooperativas de seguros as que exercen a actividade aseguradora, nos ramos e cos requisitos establecidos na lexislación do seguro e, con carácter supletorio, na Lei de cooperativas.

SECCIÓN 10.^a DAS COOPERATIVAS SANITARIAS

Artigo 102. *Obxecto e normas aplicables.*

1. Son cooperativas sanitarias as que desenvolven a súa actividade na área da saúde, podendo estar constituídas polos prestadores da asistencia sanitaria, polos destinatarios desta ou por uns e outros. Poderán realizar tamén actividades complementarias e conexas incluso de tipo preventivo, xeral ou para grupos ou colectivos determinados.

2. As cooperativas sanitarias seranlles de aplicación as normas establecidas na presente lei para as de traballo asociado ou para as de servizos, segundo proceda, cando os socios sexan profesionais da medicina; cando os socios sexan os destinatarios da asistencia sanitaria aplicaráselle á sociedade as normas sobre cooperativas de consumidores e usuarios; cando se dean as condicións previstas no artigo 105 aplicarase a normativa sobre cooperativas integrais. De estaren organizadas como empresas aseguradoras axustaranse, ademais, á normativa mencionada no artigo 101.

Cando por imperativo legal non poidan desenvolver a actividade aseguradora, esta deberá ser realizada por sociedades mercantís que sexan propiedade, alomenos maioritaria, das cooperativas sanitarias. Os resultados derivados da participación das cooperativas sanitarias nas ditas sociedades mercantís seranlles de aplicación o disposto no artigo 57.3.a) desta lei.

3. Cando unha cooperativa de segundo grao integre alomenos unha cooperativa sanitaria, aquela poderá incluír na súa denominación o termo «sanitaria».

SECCIÓN 11.^a DAS COOPERATIVAS DE ENSINO

Artigo 103. *Obxecto e normas aplicables.*

1. Son cooperativas de ensino as que desenvolven actividades docentes, nos seus distintos niveis e modalidades. Poderán realizar tamén, como complementarias, actividades extraescolares e conexas, así como prestar servizos que faciliten as actividades docentes.

2. As cooperativas de ensino seranlles de aplicación as normas establecidas na presente lei para as cooperativas de consumidores e usuarios, cando asocien ós pais dos alumnos, ós seus representantes legais ou ós propios alumnos.

3. Cando a cooperativa de ensino asocie a profesores e a persoal non docente e de servizos, seranlle de aplicación as normas da presente lei reguladoras das cooperativas de traballo asociado.

SECCIÓN 12.^a DAS COOPERATIVAS DE CRÉDITO

Artigo 104. *Normativa aplicable.*

As cooperativas de crédito rexeranse pola súa lei específica e polas súas normas de desenvolvemento.

Así mesmo, seranlles de aplicación as normas que, con carácter xeral, regulan a actividade das entidades de crédito, e con carácter supletorio a Lei de cooperativas.

CAPÍTULO XI

Da cooperativas integrais, das de iniciativa social e das mixtas

SECCIÓN 1.^a DAS COOPERATIVAS INTEGRAIS

Artigo 105. *Obxecto e normas aplicables.*

Denominaranse cooperativas integrais aquelas nas que, con independencia da súa clase, a súa actividade cooperativizada é dobre ou plural, cumprindo as finalidades propias de diferentes clases de cooperativas nunha mesma sociedade, segundo acordo dos seus estatutos e con observancia do regulado para cada unha das devanditas actividades. En tales casos, o seu obxecto social será plural e beneficiarase do tratamento legal que lle corresponda polo cumprimento dos citados fins.

Nos órganos sociais das cooperativas integrais deberá haber sempre representación das actividades integradas na cooperativa. Os estatutos poderán reserva-lo cargo de presidente ou vicepresidente a unha determinada modalidade de socios.

SECCIÓN 2.^a DAS COOPERATIVAS DE INICIATIVA SOCIAL

Artigo 106. *Obxecto e normas aplicables.*

1. Serán cualificadas como de iniciativa social aquelas cooperativas que, sen ánimo de lucro e con independencia da súa clase, teñen por obxecto social, ben a prestación de servizos asistenciais mediante a realización de actividades sanitarias, educativas, culturais ou outras de natureza social, ou ben o desenvolvemento de calquera actividade económica que teña por finalidade a integración laboral de persoas que sufran calquera clase de exclusión social e, en xeral, a satisfacción de necesidades sociais non atendidas polo mercado.

2. As entidades e organismos públicos poderán participar en calidade de socios na forma que estatutariamente se estableza.

3. As cooperativas de iniciativa social aplicaráselle-las normas relativas á clase de cooperativa a que pertencen.

4. As cooperativas de calquera clase que cumpran cos requisitos expostos no punto 1 do presente artigo expresarán ademais na súa denominación a indicación «iniciativa social».

SECCIÓN 3.^a DAS COOPERATIVAS MIXTAS

Artigo 107. *Obxecto e normas aplicables.*

1. Son cooperativas mixtas aquelas nas que existen socios para os que o dereito de voto na asemblea xeral se poderá determinar, de modo exclusivo ou preferente, en función do capital achegado nas condicións establecidas estatutariamente, que estará representado por medio de títulos ou anotacións en conta e que se deno-

minarán partes sociais con voto, sometidos á lexislación reguladora do mercado de valores.

2. Nestas cooperativas o dereito de voto na asemblea xeral respectará a seguinte distribución:

a) Polo menos o 51 por 100 dos votos atribuirase, na proporción que definan os estatutos, a socios para os que o dereito de voto vén determinado no artigo 26 desta lei.

b) Una cota máxima, que se determinará estatutariamente, do 49 por 100 dos votos distribuirase entre un ou varios socios titulares de partes sociais con voto, que, se os estatutos o prevén, poderán ser libremente negociables no mercado e, por tanto, adquiribles tamén polos socios a que se refire a letra a) anterior, ós que estatutariamente se lles poderá outorgar un dereito de preferencia.

c) En ningún caso a suma total dos votos asignados ás partes sociais con voto e ós socios colaboradores poderá supera-lo 49 por 100 do total de votos sociais da cooperativa.

3. No caso das partes sociais con voto, tanto os dereitos e obrigas dos seus titulares, como o réxime das achegas, regularanse polos estatutos e, supletoriamente, polo disposto na lexislación de sociedades anónimas para as accións.

4. A participación de cada un dos dous grupos de socios nos excedentes anuais a distribuír, sexan positivos ou negativos, determinarase en proporción á porcentaxe de votos que cada un dos dous colectivos ostente segundo o previsto no número 2.

Os excedentes imputables ós posuidores de partes sociais con voto distribuiranse entre eles en proporción ó capital desembolsado. Os excedentes imputables ós restantes socios distribuiranse entre estes segundo os criterios xerais definidos nesta lei.

5. A validez de calquera modificación autorreguladora que afecte ós dereitos e obrigas dalgún dos colectivos de socios requirirá o consentimento maioritario do grupo correspondente, que poderá obterse mediante votación separada na asemblea xeral.

6. En canto á dotación de fondos obrigatorios e á súa dispoñibilidade, observarase o disposto, con carácter xeral, na presente lei.

TÍTULO II

Da acción da Administración xeral do Estado

Artigo 108. *Fomento do cooperativismo.*

1. Recoñécese como tarefa de interese xeral, a través desta lei e das súas normas de aplicación, a promoción, estímulo e desenvolvemento das sociedades cooperativas e das súas estruturas de integración económica e representativa.

2. O Goberno, dentro do ámbito de aplicación desta lei, actuará na orde cooperativa, con carácter xeral, a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, ó que dotará dos recursos e servizos necesarios para a realización das súas funcións de promoción, difusión, formación, inspección e rexistral, sen prexuízo das facultades dos outros departamentos ministeriais en relación coa actividade empresarial que desenvolvan as cooperativas para o cumprimento do seu obxecto social.

Artigo 109. *Rexistro de Sociedades Cooperativas.*

O Rexistro de Sociedades Cooperativas ten por obxecto a cualificación e inscrición das sociedades e das asociacións de cooperativas e dos actos e negocios xurídicos

societarios que se determinen na presente lei ou se establezan regulamentariamente. Así mesmo, correspóndelle a legalización dos libros das sociedades cooperativas, o depósito e publicidade das contas anuais, sen prexuízo de calquera outra actuación administrativa ou funcións que lle poidan ser atribuídas polas leis ou as súas normas de desenvolvemento.

Igualmente, o Rexistro de Sociedades Cooperativas emitirá a certificación negativa de denominación, con previa coordinación co Rexistro Mercantil Central así como cos demais rexistros de cooperativas, segundo as disposicións que se establezan para o efecto.

Artigo 110. *Organización e procedemento rexistral.*

1. O Rexistro de Sociedades Cooperativas, incluídas no ámbito de aplicación desta lei, ten estrutura unitaria e depende do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Radicará en Madrid.

2. O Rexistro levarase polo sistema de folia persoal.

3. As inscricións practícaranse en virtude de documento público, resolución xudicial ou da autoridade administrativa. Soamente cando o preveña a presente lei ou as súas normas de desenvolvemento, a inscrición practícarase en virtude do documento privado.

Artigo 111. *Eficacia.*

O Rexistro de Sociedades Cooperativas réxese polos principios de publicidade, legalidade, lexitimación, prioridade e tracto sucesivo. A inscrición non ten eficacia validante do feito inscribible, e presúmese exacta e válida.

Artigo 112. *Normas supletorias.*

Nas materias relativas a prazos, recursos, comparencia no expediente, representación e todas aquelas non reguladas expresamente nesta lei, aplicarase o disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 113. *Inspección.*

A función inspectora sobre o cumprimento desta lei e das súas normas de desenvolvemento, exerceraa o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a través da Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen prexuízo das funcións inspectoras que correspondan ós distintos departamentos ministeriais de acordo coas súas respectivas competencias.

Artigo 114. *Infraccións. Prescrición.*

1. As sociedades cooperativas son suxeitos responsables das accións e omisións contrarias a esta lei e as súas normas de desenvolvemento e ós estatutos, sen prexuízo das responsabilidades persoais esixibles a conselleiros, interventores ou liquidadores.

1.1 Son infraccións leves o incumprimento das obrigas ou a vulneración das prohibicións impostas por esta lei, que non supoñan un conflito entre partes, non interrompan a actividade social e non poidan ser cualificadas de graves ou moi graves.

1.2 Son infraccións graves:

a) No convoca-la asemblea xeral ordinaria en tempo e forma.

b) Incumpri-la obriga de inscribi-los actos que deben acceder obrigatoriamente ó Rexistro.

c) Non efectúanse dotacións, nos termos establecidos nesta lei, ós fondos obrigatorios ou destinados a finalidades distintas ás previstas.

d) A falta de auditoría de contas, cando esta resulte obrigatoria, legal ou estatutariamente.

e) Incumprir, se é o caso, a obriga de depositar as contas anuais.

f) A transgresión xeneralizada dos dereitos dos socios.

1.3 Son infraccións moi graves:

a) A paralización da actividade cooperativizada, ou a inactividade, dos órganos sociais durante dous anos.

b) A transgresión das disposicións imperativas ou prohibitivas desta lei, cando se comprobe connivencia para lucrarse ou para obter ficticiamente subvencións ou bonificacións fiscais.

2. As infraccións leves, graves e moi graves gradúanse para efectos da súa correspondente sanción atendendo ó número de socios afectados, repercusión social, malicia ou falsidade e capacidade económica da cooperativa.

3. As infraccións prescribirán: as leves, ós tres meses; as graves, ós seis meses e as moi graves, ó ano, contadas desde a data en que se cometesen.

Artigo 115. Sancións e procedemento.

1. As infraccións leves sancionaranse con multa de 50.000 a 100.000 pesetas; as graves, con multa de 100.001 a 500.000 pesetas; e as moi graves, con multa de 500.001 a 5.000.000 de pesetas, ou coa descualificación regulada no artigo 116.

2. As infraccións serán sancionadas, por proposta da Inspección de Traballo e Seguridade Social, polo órgano directivo do que dependa o Rexistro de Sociedades Cooperativas, ata 1.000.000 de pesetas e polo Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, ata 5.000.000 de pesetas e a descualificación.

3. O procedemento sancionador será o previsto para a imposición de sancións por infraccións de orde social.

Artigo 116. Descualificación das cooperativas.

1. Poderán ser causa de descualificación dunha sociedade cooperativa:

a) As sinaladas no artigo 70, sobre causas de disolución, a excepción das previstas no número 1.a), b) e f).

b) Comisión de infraccións moi graves de normas imperativas ou prohibitivas da presente lei.

2. O procedemento para a descualificación axustarase á Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas seguintes particularidades:

a) Deberá emitir informe preceptivamente a Inspección de Traballo e Seguridade Social, e de non o ter emitido no prazo dun mes, terase por evacuado.

b) No trámite de audiencia á sociedade, comparecerá o consello rector ou, no seu defecto, un número de socios non inferior a tres. Cando non se producise ou non fose posible a dita comparecencia, o trámite cumprirase publicando o correspondente aviso no «Boletín Oficial del Estado».

c) A resolución administrativa de descualificación será revisable en vía xudicial e, se se interpuxo recurso contra ela, non será executiva mentres non recaia sentenza firme.

d) Será competente para acordar a descualificación o ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

3. A descualificación, unha vez firme, producirá efectos rexistrados de oficio e implicará a disolución da sociedade cooperativa.

TÍTULO III

Do asociacionismo cooperativo

Artigo 117. Principio xeral.

As sociedades cooperativas poderán asociarse libre e voluntariamente en unións, federacións e confederacións para a defensa e promoción dos seus intereses, sen prexuízo de se poderen acoller a outra fórmula asociativa conforme o dereito de asociación.

Artigo 118. Unións de cooperativas.

1. As unións de cooperativas estarán constituídas por, alomenos, tres cooperativas da mesma clase e poderán integrarse noutra unión xa existente ou constituír unha nova unión de cooperativas. En ámbolos casos, tamén poderán integrarse directamente sociedades cooperativas, se os estatutos daquelas non se opoñen.

2. Os órganos sociais das unións de cooperativas serán a asemblea xeral, o consello rector e a intervención.

A asemblea xeral estará formada polos representantes das cooperativas directamente asociadas e, se é o caso, das unións que a integran, establecéndose nos estatutos a composición e atribucións dos seus órganos, sen que, en ningún caso, poidan atribuírse a maioría absoluta de votos a un dos seus membros.

Artigo 119. Federacións e confederacións de cooperativas.

1. As federacións poderán estar integradas por sociedades cooperativas ou por unións de cooperativas ou por ambas.

2. Para a constitución e funcionamento dunha federación de cooperativas será preciso que directamente, ou a través de unións que a integren, asocien, alomenos, dez cooperativas que non sexan todas da mesma clase.

3. As unións de cooperativas e as federacións de cooperativas poderán asociarse en confederacións de cooperativas.

4. Para a constitución e funcionamento dunha confederación de cooperativas serán precisas, alomenos, tres federacións de cooperativas que agrupen cooperativas de, cando menos, tres comunidades autónomas, aínda que a sede de tales federacións non radique noutras tantas comunidades.

5. Os órganos sociais das federacións e confederacións de cooperativas serán o consello rector e a asemblea xeral. Os estatutos establecerán a composición e o número de membros da asemblea xeral, así como as normas para a súa elección e o dereito de voto.

Así mesmo, regularán a composición e funcionamento do consello rector, que estará integrado por, alomenos, tres membros.

Artigo 120. Normas comúns ás unións, federacións e confederacións de cooperativas.

1. Ás unións, federacións e confederacións, nos seus respectivos ámbitos, correspóndenlles, entre outras, as seguintes funcións:

a) Representar e defende-los intereses xerais das cooperativas e dos seus socios ante as administracións públicas e ante calquera outra persoa física ou xurídica e exercer, de se-lo caso, as accións legais pertinentes.

b) Fomenta-la promoción e formación cooperativa.

c) Exerce-la conciliación nos conflitos xurdidos entre as sociedades cooperativas que asocien ou entre estas e os seus socios.

d) Organizar servizos de asesoramento, auditorías, asistencia xurídica ou técnica e cantos sexan convenientes ós intereses dos seus socios.

e) Actuar como interlocutores e representantes ante as entidades e organismos públicos.

f) Exercer calquera outra actividade de natureza análoga.

2. As unións, federacións e confederacións de cooperativas adquiren personalidade xurídica unha vez que depositen, no Rexistro de Sociedades Cooperativas, a escritura pública de constitución, que deberá conter, alomenos:

a) Relación das entidades promotoras.

b) Certificación do acordo de constitución.

c) Integrantes dos órganos de representación e goberno.

d) Certificación do Rexistro de Sociedades Cooperativas de que non existe outra entidade con idéntica denominación.

e) Os estatutos sociais.

3. Os estatutos recollerán, polo menos:

a) A súa denominación.

b) O domicilio e o ámbito territorial.

c) Requisitos e procedemento para a adquisición e perda da condición de entidade asociada.

d) Composición, funcionamento e elección dos seus órganos sociais de representación e administración.

e) Réxime económico dela.

4. O Rexistro de Sociedades Cooperativas disporá, no prazo dun mes, a publicidade do depósito ou o requirimento ós seus socios promotores, por unha soa vez, para que, no prazo doutro mes, emenden os defectos observados. Transcorrido este prazo, o Rexistro de Sociedades Cooperativas disporá a publicidade ou rexeitará o depósito mediante resolución exclusivamente fundada na carencia dalgún dos requisitos mínimos a que se refire o presente título.

A publicidade do depósito realizarase no «Boletín Oficial del Estado».

A entidade adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar transcorrido un mes desde que solicitou o depósito sen que o Rexistro de Sociedades Cooperativas formule reparos ou, de se-lo caso, rexeite o depósito.

5. Na denominación das entidades asociativas de cooperativas deberá incluírse, respectivamente, a palabra «unión de cooperativas», «federación de cooperativas», ou «confederación de cooperativas» ou as súas abreviaturas «u. de coop.», «f. de coop.» e «c. de coop.».

6. As unións, federacións e confederacións de cooperativas, para poderen incluír na súa denominación termos que fagan referencia a un determinado ámbito xeográfico, deberán acreditar que asocian, directamente ou a través das entidades asociadas, o vinte por cento, alomenos, das sociedades cooperativas inscritas e non disoltas, con domicilio social no dito ámbito xeográfico.

7. As unións, federacións e confederacións deberán comunicar ó Rexistro de Sociedades Cooperativas a variación no número dos seus membros.

8. En todo o non previsto, observarase o disposto, con carácter xeral, na presente lei.

Disposición adicional primeira. *Cualificación como entidades sen ánimo de lucro.*

Poderán ser cualificadas como sociedades cooperativas sen ánimo de lucro as que xestionen servizos de interese colectivo ou de titularidade pública, así como as que realicen actividades económicas que conduzan á integración laboral das persoas que sufran calquera clase de exclusión social e nos seus estatutos recollan expresamente:

a) Que os resultados positivos que se produzan nun exercicio económico non poderán ser distribuídos entre os seus socios.

b) As achegas dos socios ó capital social, tanto obrigatorias coma voluntarias, non poderán devengar un xuro superior ó xuro legal do diñeiro, sen prexuízo da súa posible actualización.

c) O carácter gratuíto do desempeño dos cargos do consello rector, sen prexuízo das compensacións económicas procedentes polos gastos nos que poidan incorre-los conselleiros no desempeño das súas funcións.

d) As retribucións dos socios traballadores ou, se é o caso, dos socios de traballo e dos traballadores por conta allea non poderán supera-lo 150 por 100 das retribucións que en función da actividade e categoría profesional estableza o convenio colectivo aplicable ó personal asalariado do sector.

Disposición adicional segunda. *Creación do Consello para o Fomento da Economía Social.*

Créase o Consello para o Fomento da Economía Social, como órgano asesor e consultivo para as actividades relacionadas coa economía social, integrado, a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, na Administración xeral do Estado, aínda que sen participar na estrutura xerárquica desta.

Actuará como un órgano de colaboración e coordinación do movemento asociativo e a Administración xeral do Estado.

De conformidade coas competencias que lle sexan atribuídas, e de acordo co ámbito desta lei, terá as seguintes funcións:

1. Colaborar na elaboración de proposicións sobre calquera disposición legal ou regulamentaria que afecten a entidades da economía social.

2. Elabora-los informes que solicite o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e demais departamentos ministeriais.

3. Informa-los programas de desenvolvemento e fomento da economía social.

4. Realizar estudos sobre cuestións e problemas que afecten á economía social.

5. Velar por que o funcionamento das empresas e entidades se adecuen ós principios configuradores propios deste sector.

6. Cantas outras funcións e competencias se lle atribúan por disposicións legais e regulamentarias.

O Consello para o Fomento da Economía Social estará composto por representantes da Administración xeral do Estado, das administracións autonómicas, cando así o soliciten, da asociación de entidades locais máis representativa, das asociacións de cooperativas, das mutualidades de previsión social, de sociedades laborais, da asociación intersectorial máis representativa de ámbito estatal e cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da economía social designadas polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

A presidencia do Consello para o Fomento da Economía Social corresponderalle ó secretario xeral de

Emprego e, por delegación, ó director xeral de Fomento da Economía Social e do Fondo Social Europeo.

O funcionamento do Consello axustarase ó disposto sobre órganos colexiados na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Os créditos necesarios para o seu funcionamento consignaranse nos orzamentos do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Disposición adicional terceira. *Dereitos dos acredores persoais dos socios.*

Os acredores persoais dos socios non terán dereito de ningún tipo sobre os bens das cooperativas nin sobre as achegas dos socios ó capital social, que son inembargables. Todo iso sen menoscabo dos dereitos que poida exercer-lo acredor sobre os reembolsos, xuros e retornos que correspondan ó socio.

Disposición adicional cuarta. *Suspensión de pagamentos e quebras.*

Ás sociedades cooperativas seralles aplicable a lexislación sobre suspensión de pagamentos e quebra.

Disposición adicional quinta. *Normas especiais.*

1. As sociedades cooperativas terán a condición de maioristas e poderán detallar como retallistas na distribución ou venda, con independencia da cualificación que lles corresponda para efectos fiscais.

2. As entregas de bens e as prestacións de servizos proporcionadas polas sociedades cooperativas ós seus socios, xa sexan producidos por elas ou adquiridos a terceiros para o cumprimento dos seus fins sociais, non terán a consideración de vendas.

3. As cooperativas de consumidores e usuarios, as cooperativas agrarias e as cooperativas de transportistas, ademais da condición de maioristas, polo que lles serán de aplicación os prezos ou tarifas correspondentes, terán tamén, para tódolos efectos, a condición de consumidores directos para abastecerse ou fornecerse de terceiros de produtos ou servizos que lles sexan necesarios para as súas actividades.

4. Consideraranse, para tódolos efectos, actividades cooperativas internas e terán o carácter de operacións de transformación primaria as que realicen as cooperativas agrarias e as cooperativas de segundo grao que as agrupen, con produtos ou materias, incluso subministrados por terceiros, sempre que estean destinados exclusivamente ás explotacións dos seus socios.

5. As cooperativas de traballo asociado e as de segundo grao que as agrupen gozarán de prioridade en caso de empate nos concursos e poxas para os contratos de obras ou servizos do Estado e dos demais entes públicos.

6. As cooperativas de vivendas terán dereito á adquisición de terreos de xestión pública polo sistema de adjudicación directa, para o cumprimento dos seus fins específicos.

7. As sociedades cooperativas estarán suxeitas ó establecido na Lei 26/1984, do 19 de xullo, Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, e demais disposicións sobre defensa dos consumidores e usuarios, así como ás disposicións sanitarias e asistenciais cando resulten de aplicación.

8. Os aranceis notariais, nos casos en que a escritura pública ou calquera outro instrumento público notarial

veña imposto pola lexislación cooperativa, terán unha redución igual á que se lle concede ó Estado.

A mesma bonificación aplicarase ós aranceis rexistrados, sempre que se trate de inscricións obrigatorias de actos e contratos previstos na normativa aplicable ou dirixidos ó mellor cumprimento do obxecto social.

Disposición adicional sexta. *Contabilización separada.*

Será causa de perda da condición de cooperativa fiscalmente protexida a falta de contabilización separada das operacións cooperativizadas realizadas con terceiros non socios.

Disposición adicional sétima. *Réxime das sociedades mixtas.*

A parte do resultado cooperativo correspondente á proporción dos votos que ostenten os socios titulares de partes sociais con voto terá a mesma consideración cós resultados extracooperativos para efectos da súa tributación no imposto sobre sociedades.

Disposición adicional oitava. *Cooperativas integrais.*

Consideraranse especialmente protexidas as cooperativas integrais cando, respecto a todas e cada unha das súas actividades, se cumplan os requisitos esixidos para seren consideradas especialmente protexidas.

Disposición adicional novena. *Sociedades cooperativas cualificadas como entidades sen ánimo de lucro.*

O réxime tributario aplicable ás sociedades cooperativas cualificadas como entidades sen ánimo de lucro será o establecido na Lei 20/1990, do 19 de decembro, de réxime fiscal de cooperativas.

Disposición adicional décima. *Arbitraje.*

1. As discrepancias ou controversias que poidan suscitarse nas cooperativas, entre o consello rector ou os apoderados, o comité de recursos e os socios, incluso no período de liquidación, poderán ser sometidas a arbitraje de dereito regulado pola Lei 36/1988, do 5 de decembro; non obstante, se a disputa afectase principalmente ós principios cooperativos poderá acudirse á arbitraje de equidade.

2. Dado o carácter negocial e dispositivo dos acordos sociais, non quedan excluídas da posibilidade anterior nin as pretensións de nulidade da asemblea xeral, nin a impugnación de acordos asemblearios ou rectores; pero o árbitro non poderá pronunciarse sobre aqueles extremos que, se é o caso, estean fóra do poder de disposición das partes.

Disposición adicional undécima. *Programas anuais para o impulso, promoción e fomento do cooperativismo.*

O Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais elaborará e levará a cabo programas anuais para o impulso, promoción e fomento do cooperativismo, logo de informe do Consello para o Fomento da Economía Social.

Disposición adicional duodécima. *Medidas de fomento para a creación de emprego.*

Serán de aplicación ós socios traballadores das cooperativas de traballo asociado e ós socios de traballo

das outras clases de cooperativas tódalas normas e incentivos sobre traballadores por conta allea que teñan por obxecto a consolidación e creación de empregos estables, tanto as relativas á Seguridade Social como ás modalidades de contratación.

Disposición adicional décimo terceira. *Réximes forais.*

Esta lei aplicarase sen prexuízo dos específicos réximes forais vixentes en materia tributaria establecidos nas normas e convenios vixentes na materia.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación temporal da lei.*

Os expedientes en materia de cooperativas iniciados antes da vixencia desta lei tramitaranse e resolveranse de acordo coas disposicións ata agora en vigor. O contido das escrituras e dos estatutos das sociedades cooperativas existentes á entrada en vigor desta lei non poderá ser aplicado se se opón a esta, entendéndose modificado ou completado por cantas normas prohibitivas ou imperativas se conteñen nela.

Disposición transitoria segunda. *Adaptación das sociedades cooperativas ás previsións da lei.*

As sociedades cooperativas constituídas con anterioridade á data de entrada en vigor desta lei disporán dun prazo de tres anos a partir da data da súa entrada en vigor para adaptaren os seus estatutos ó establecido nesta lei.

O acordo de adaptación de estatutos deberá adoptarse en asemblea xeral, sendo suficiente o voto a favor de máis da metade de socios presentes e representados. Calquera conselleiro ou socio estará lexitimado para solicitar do consello rector a convocatoria da asemblea xeral con esta finalidade e se transcorridos dous meses desde a solicitude non se fixese a convocatoria, poderán solicitarla do xuíz de primeira instancia do domicilio social, quen, logo de audiencia dos conselleiros, acordará o que proceda designando, se é o caso, a persoa que deberá presidi-la reunión.

Transcorridos tres anos desde a entrada en vigor da presente lei non se inscribirá no Rexistro de Sociedades Cooperativas ningún documento de sociedades cooperativas sometidas a esta lei en tanto non se inscriba a adaptación dos seus estatutos sociais. Exceptúanse os títulos relativos á adaptación á presente lei, ó cesamento ou dimisión de conselleiros, interventores, membros do comité de recursos ou liquidadores e a revogación ou renuncia de poderes, así como á transformación da sociedade ou á súa disolución e nomeamento de liquidadores e os asentados ordenados pola autoridade xudicial ou administrativa.

Disposición transitoria terceira. *Consolidación de denominacións.*

Os certificados e rexistro de denominacións realizados polo Rexistro de Sociedades Cooperativas ata a entrada en vigor da presente lei entenderanse para tódolos efectos como consolidados.

Disposición transitoria cuarta. *Adaptación da remuneración das achegas voluntarias.*

As cooperativas disporán dun prazo de tres anos, contados a partir da data de entrada en vigor da presente lei, para adaptaren a remuneración das achegas voluntarias ó capital social, subscritas con anterioridade á entrada en vigor desta lei, ás previsións contidas nela.

Disposición derogatoria primeira. *Derrogación da Lei do 2 de abril de 1987.*

Quedan derogadas cantas normas se opoñan ó disposto na presente lei e, en particular, a Lei 3/1987, do 2 de abril, xeral de cooperativas, excepto o establecido no capítulo III do seu título I, en tanto non se cumpra a previsión recollida na disposición derradeira primeira da presente lei.

Disposición derogatoria segunda. *Supresión das cooperativas de integración.*

Suprímense as cooperativas de integración creadas ó amparo do disposto na disposición adicional terceira do Real decreto 84/1993, do 22 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda da presente lei.

Disposición derogatoria terceira. *Supresión do Consello de Fomento da Economía Social.*

Derrógase o punto 2 do artigo 9 bis engadido ó Real decreto 1888/1996, do 2 de agosto, de estrutura orgánica básica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, así como as disposicións aludidas no devandito punto, do Real decreto 140/1997, do 31 de xaneiro, polo que se modifica parcialmente a estrutura orgánica básica do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e se transforma o Instituto Nacional de Servicios Sociais en Instituto de Migracións e Servicios Sociais.

Disposición final primeira. *Rexistro de Sociedades Cooperativas.*

O Goberno, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, procederá a aprobar, nun prazo non superior a seis meses a partir da publicación desta lei, o regulamento do Rexistro de Sociedades Cooperativas.

Disposición final segunda. *Creación de novas clases de cooperativas.*

O Goberno, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais e logo de informe do Consello para o Fomento da Economía Social, poderá crear novas clases de cooperativas, cando sexa preciso para o desenvolvemento de calquera sector do cooperativismo.

Disposición final terceira. *Legalización de libros e depósito de contas.*

O Goberno, por proposta dos ministros de Xustiza e de Traballo e Asuntos Sociais, dictará as normas necesarias para que as cooperativas teñan que legalizar os libros e depositar as súas contas anuais nun só rexistro.

Disposición final cuarta. *Contas consolidadas do grupo cooperativo.*

O Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda, dictará as normas necesarias nas que se establecerá en qué casos o grupo cooperativo estará obrigado a formular as contas anuais e o informe de xestión consolidados.

Disposición final quinta. *Normas para a aplicación e desenvolvemento da lei.*

O Goberno, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, poderá dictar normas para a aplicación e desenvolvemento da presente lei.

Disposición final sexta. *Aplicación ás cooperativas das disposicións de Seguridade Social para a contratación a tempo parcial.*

As disposicións de seguridade social previstas para a contratación a tempo parcial serán obxecto das modificacións e adaptación que resulten precisas para a súa aplicación no ámbito das sociedades cooperativas de traballo asociado e integral. Para tal efecto, o Goberno procederá no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente lei ó correspondente desenvolvemento regulamentario, en aplicación do previsto na disposición adicional cuarta da Lei xeral da Seguridade Social.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de xullo de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

15682 *LEI 28/1999, do 16 de xullo, pola que se concede un crédito extraordinario, por importe de 9.393.184.038 pesetas, para o pagamento de indemnizacións derivadas do derrubamento da presa de Tous, de acordo coa sentenza do Tribunal Supremo do 15 de abril de 1997, e se adoptan determinadas medidas adicionais ás establecidas polos Reais decretos leis 4/1993 e 10/1995. («BOE» 170, do 17-7-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sentenza da Sala Segunda do Tribunal Supremo, do 15 de abril de 1997, declarou a responsabilidade civil subsidiaria da Administración do Estado e, en consecuencia, impuxo a obriga de pagamento das indemnizacións derivadas dos danos producidos polo derrubamento da presa de Tous (Valencia), o día 20 de outubro de 1982, determinando que a súa cuantificación se fixase no trámite de execución de sentenza.

Esta execución efectuouse mediante o auto, do 27 de febreiro de 1998, da Sección Terceira da Audiencia Provincial de Valencia. No auto determínanse os criterios indemnizadores, excluindo do dereito a indemnización a tódolos prexudicados que subscribisen un convenio transaccional ó abeiro dos Reais decretos leis 4/1993, do 26 de marzo, e 10/1995, do 28 de decembro, e a aqueles que unicamente optasen por efectuar-la súa reclamación pola vía contencioso-administrativa. Con data do 20 de maio, prodúcense tres novos autos da Audiencia Provincial revisando as contías establecidas no anexo da primeira resolución que contiña a lista cos

damnificados con dereito a cobrar e as contías individualizadas das indemnizacións.

Pola súa parte, a revisión efectuada pola Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma Valenciana para, en cumprimento do auto do 27 de febreiro, excluír aqueles damnificados que formalizasen o convenio transaccional coa Administración, determinou o importe total das obrigas que lle corresponde satisfacer ó Estado.

As distintas circunstancias polas que pasou a situación do proceso de Tous e a aplicación de criterios diversos nas intervencións da Administración do Estado para resarcir a través de convenios transaccionais os danos causados polo derrubamento da presa, provocou agravios entre aqueles damnificados que se acolleron ó Real decreto lei 4/1993 e obtiveron unha compensación por debaixo do importe máximo resarcible, e aqueles outros que, ó abeiro do Real decreto lei 10/1995, foron compensados de maneira sistemática coa totalidade do citado importe máximo resarcible. Ante esta desigualdade, considérase necesario compensar-la diferenza existente entre o percibido e o citado importe máximo resarcible, limitándose esta compensación sen embargo a aqueles afectados que teñan unha capacidade escasa de xeración de recursos e estean dentro dunha banda de danos que inclúa a maioría deles, xa que non parece procedente actuar respecto a patrimonios de características económicas excepcionais e que, polo mesmo, puideron acceder a outro tipo de solución.

Dado que non existe crédito suficiente nos orzamentos xerais do Estado para 1998 para facer fronte ó pagamento destas indemnizacións, resulta necesario conceder un crédito extraordinario na Sección 16 «Ministerio do Interior» para cumprila sentenza do Tribunal Supremo, crédito que se concede co carácter de ampliable co fin de atender ó pagamento dos xuros e de futuras indemnizacións que puideran producirse.

O crédito extraordinario tramítase de acordo co Consello de Estado e logo do informe da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédese un crédito extraordinario por importe de 9.393.184.038 pesetas, para atender ó cumprimento da sentenza do Tribunal Supremo, na Sección 16 «Ministerio do Interior», Servicio 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servicios Xerais», Programa 223A «Protección Civil», Concepto 483 «Para o pagamento das indemnizacións derivadas do derrubamento da presa de Tous, segundo a sentenza do Tribunal Supremo do 15 de abril de 1997».

Artigo 2. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior conségñase con carácter de ampliable coa finalidade de atender-los xuros que se produzan como consecuencia do momento en que se efectúe o pagamento e, de se-lo caso, as futuras indemnizacións que se deriven da execución da sentenza do 15 de abril de 1997.

A autorización das ampliacións de crédito corresponderalle ó ministro de Economía e Facenda.

Artigo 3. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario recollido no artigo 1 financiarase con débeda pública, de conformidade co disposto no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.